



DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1.- Demografía empresarial

3.2.- Estrutura produtiva

3.3.- Sector exterior

3.1. DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL

O estancamento da actividade económica galega do ano 2010, cun incremento do PIB real do 0,1%, reflictese nunha nova caída do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no da minaría do carbón. Así mesmo a pesar de que o número de entidades mercantís creadas medra, o volume de capital subscrito por ditas empresas diminúe.

En termos relativos, o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes en Galicia foi de 14,4, 0,5 máis que no ano anterior, pero 33,2 empresas por cada cen sociedades constituídas (29,5 no ano anterior) disolvéronse. En Galicia, no ano 2010 disólvense máis sociedades mercantís que na media do Estado.

No concernente ás empresas de economía social, o número de sociedades cooperativas e laborais a 31 de decembro de 2010 acadou, en conxunto, as 1.663 sociedades (1.726 sociedades no ano anterior), o que representa o 4,5% do total estatal. O 1,1% da poboación ocupada galega traballa nestas empresas (11.813 persoas), porcentaxe que chega ao 2,1% no conxunto do Estado.

Empresas inscritas na Seguridade Social

O número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minaría do carbón no derradeiro día de 2010 situouse en Galicia

nas 83.504 empresas, o que representa o 6,7% das empresas españolas inscritas nestes dous réximes. Tal como aconteceu no ano 2008 e 2009, por terceiro ano consecutivo volveu a descender o número de empresas inscritas tanto en Galicia como en España, feito que non ocorría dende o ano 1994.

Seguindo a mesma tendencia que nos dous anos precedentes, no ano 2010 o número de empresas inscritas na Seguridade Social vai descendendo mes a mes ata acadar o número máis baixo de inscricións no mes de decembro (83.504 inscricións), descenso amortizado cos meses de lixeiro aumento de inscricións: abril, maio, xuño xullo e outubro.

En comparación co acontecido no resto do Estado, o **cadro 3.1.2.** reflicte como a taxa de variación interanual do número de empresas inscritas no réxime xeral e no da minaría de carbón presenta en Galicia, tanto no ano 2009 como no 2010, unha mellor evolución que no conxunto estatal. Os maiores descenso da taxa interanual en Galicia corresponden aos meses de xaneiro e febreiro de 2010, onde o número de empresas descende un 2,3% e 2,1% respecto aos mesmos meses do ano anterior respectivamente.

A nivel estatal, as maiores caídas coinciden tamén neses meses, aínda que a diminución é moito máis acusada


Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2006-2010 ⁽¹⁾

	Galicia					España	Galicia / España (%)
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
2006	87.868	35.956	12.017	10.559	32.829	1.386.157	6,3
2007	89.601	36.717	12.193	10.727	33.621	1.405.938	6,4
2008	87.472	35.946	12.093	10.591	32.538	1.332.090	6,6
2009	84.715	34.929	11.936	10.420	31.093	1.264.689	6,7
2010	83.504	34.515	11.703	10.346	30.558	1.240.847	6,7
2009							
Xaneiro	86.566	35.608	11.989	10.490	32.154	1.317.820	6,6
Febreiro	86.266	35.520	11.923	10.488	32.021	1.312.747	6,6
Marzo	85.941	35.346	11.920	10.474	31.876	1.307.154	6,6
Abril	86.051	35.369	11.959	10.460	31.948	1.308.046	6,6
Maio	86.324	35.447	12.037	10.546	31.986	1.314.635	6,6
Xuño	86.226	35.400	11.988	10.532	31.990	1.308.605	6,6
Xullo	86.809	35.504	12.109	10.518	32.355	1.302.668	6,7
Agosto	86.451	35.339	12.106	10.501	32.184	1.289.700	6,7
Setembro	85.652	35.083	12.087	10.450	31.709	1.283.974	6,7
Outubro	85.700	35.194	12.102	10.499	31.591	1.287.074	6,7
Novembro	85.273	35.135	12.017	10.460	31.348	1.276.364	6,7
Decembro	84.715	34.929	11.936	10.420	31.093	1.264.689	6,7
2010							
Xaneiro	84.217	34.726	11.825	10.377	30.951	1.256.506	6,7
Febreiro	84.277	34.763	11.820	10.396	30.973	1.258.010	6,7
Marzo	84.099	34.719	11.780	10.343	30.914	1.258.783	6,7
Abril	84.501	34.906	11.845	10.380	31.038	1.269.700	6,7
Maio	84.822	35.008	11.923	10.417	31.151	1.277.585	6,6
Xuño	85.152	35.041	11.948	10.447	31.374	1.278.948	6,7
Xullo	85.973	35.288	12.060	10.489	31.787	1.281.843	6,7
Agosto	85.130	34.951	11.961	10.404	31.428	1.262.616	6,7
Setembro	84.357	34.704	11.873	10.387	31.023	1.258.913	6,7
Outubro	84.403	34.770	11.875	10.445	30.963	1.262.078	6,7
Novembro	83.945	34.623	11.776	10.427	30.744	1.249.863	6,7
Decembro	83.504	34.515	11.703	10.346	30.558	1.240.847	6,7

(1) empresas inscritas no Réxime xeral e no Réxime especial da minaría do carbón o último día de cada período
 Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.1.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2009-10⁽¹⁾



(1) empresas inscritas no Réxime xeral e no Réxime especial da minaría do carbón; taxas de variación interanual
 Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.2.

Traballadores autónomos en Galicia e España 2010: principais características (1)

	Galicia	España	G/E (%)
Traballadores	151.274	1.978.785	7,6
sector de actividade			
Agricultura	44.034	261.784	16,8
Industria	6.973	101.778	6,9
Construcción	16.783	234.986	7,1
Servizos	83.484	1.380.327	6,0
situación profesional			
Sen asalariados	123.031	1.591.589	7,7
Con asalariados	28.243	387.196	7,3
Sen pluriactividade	145.742	1.889.594	7,7
Con pluriactividade	5.532	89.191	6,2
sexo			
Homes	85.026	1.327.171	6,4
Mulleres	66.248	651.614	10,2
idade			
Menores de 25 anos	1.820	33.337	5,5
De 25 a 39 anos	35.998	566.772	6,4
De 40 a 54 anos	66.527	889.920	7,5
De 55 ou máis anos	46.929	488.756	9,6
nacionalidade			
Españoles	148.172	1.846.003	8,0
Estranxeiros	3.102	132.782	2,3
antigüidade no negocio			
Menos de 6 meses	5.557	110.731	5,0
De 6 a 11 meses	6.556	111.244	5,9
De 1 ano a 3 anos	16.574	255.880	6,5
De 3 a 5 anos	43.770	376.165	11,6
5 ou máis anos	78.817	1.124.765	7,0
base de cotización			
Minima	117.621	1.660.375	7,1
Entre base/minima e 1,5 base/minima	18.563	112.805	16,5
Entre 1,5 e 2 base/minima	11.699	160.465	7,3
Entre 2 e 3 base/minima	1.675	28.067	6,0
Máis de 3 veces base/minima	716	16.713	4,3

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.3.

no conxunto do Estado (4,7% e 4,2% en xaneiro e febreiro respectivamente).

O maior impacto da crise en canto ao descenso en valores absolutos do número de empresas inscritas na Seguridade Social nunha análise provincial correspondeu a Pontevedra, cunha caída de 535 empresas inscritas no derradeiro día de 2010 en relación aos datos rexistrados na mesma data do ano anterior. No caso de A Coruña, este descenso foi de 414 empresas. En termos porcentuais, a provincia de Lugo é a que presenta un maior

descenso cunha taxa de variación interanual do -1,95%, descenso cinco décimas superior á media galega (-1,5%), e con porcentaxes do -1,7% en Pontevedra e do -1,2% e -0,7%, en A Coruña e Ourense, respectivamente.

• **Perfil do traballador autónomo**

Un elemento fundamental do tecido empresarial son, xunto a estas sociedades mercantís inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minaría do carbón, os traballadores autónomos. A 31 de

decembro de 2010 había en Galicia un total de 231.646 afiliados por conta propia na Seguridade Social (220.937 no réxime especial de traballadores autónomos), que representan o 7,4% do total nacional. Dese número total, 151.274 persoas son autónomos propiamente ditos, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores, que representan o 7,6% do total de autónomos propiamente ditos.

O perfil maioritario destes empresarios autónomos é o dunha persoa que traballa no sector servizos (aínda que cunha importante presenza na agricultura), sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón (aínda que cunha elevada presenza de mulleres), entre 40 e 54 anos (cunha importante presenza de persoas maiores de 55 anos), español, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, cómpre salientar tanto a súa elevada presenza no sector agrícola, como o maior peso das mulleres, así como a presenza de maiores de 55 anos. Destaca tamén a importancia relativa en Galicia do número de autónomos cunha base de cotización comprendida entre a mínima e 1,5 veces esa base mínima, que representan o 12,2% do conxunto do Estado.

Dinámica empresarial

Se no ano 2009 a permanencia da crise produciu unha redución do 28,5% das sociedades mercantís xeradas en Galicia e do 23,7% no conxunto do Estado, no ano 2010 prodúcese un incremento en Galicia do 5,3% no número de sociedades mercantís creadas, superior ao incremento experimentado en España que foi do 2,2%. Sen embargo, cómpre salientar que as 4.039 sociedades mercantís creadas en Galicia no ano 2010 subscribiron 140 millóns de euros de capital, case trinta millóns de euros menos que as 3.879 sociedades mercantís creadas no ano anterior. Esas 4.039 firmas representan o 5% das sociedades creadas no conxunto do Estado.

O capital subscrito polo conxunto de sociedades creadas en Galicia no último ano descendeu un 18%, acadando os 140,2 millóns de euros, dos que foron desembolsados 139,1 millóns. Cómpre salientar que no conxunto do Estado tanto o capital subscrito como o desembolsado creceu a taxas en torno ao 40%.

Os datos do Rexistro mercantil reflicten que Pontevedra foi a provincia co maior ascenso no número de sociedades constituídas, con 131 empresas máis que en 2009, seguida de Lugo, con 41 máis e de A Coruña con 11 sociedades máis, sendo Ourense a única provincia onde segue descendendo o número de sociedades mercantís constituídas con 23 menos que no ano anterior. As provincias de Pontevedra e A Coruña concentran o 80% das sociedades constituídas en Galicia (1.631 empresas en Pontevedra e 1.609 empresas en A Coruña).

No que atinxe ao capital subscrito e desembolsado, en Pontevedra, asociado ao incremento en máis dun 8% do número de empresas constituídas, o capital subscrito reduciuse nun 19,4% e o desembolsado, nun 20,1% respecto aos datos rexistrados en 2009.

Tomando como indicador da taxa de creación de empresas a rateo “número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes”, Galicia creou no último ano 14,4 sociedades por cada dez mil habitantes (17 no conxunto do Estado), situándose por diante de Extremadura, con 10,2; Asturias, con 11,3; Castela e León con 12,3; Cantabria e A Rioxa, con 12,4 sociedades, Canarias con 13 sociedades e Aragón con 13,8 sociedades; e ao mesmo nivel que o País Vasco (14,4) e Ceuta e Melilla (14,4).

Pontevedra presenta no último ano considerado a taxa de creación de empresas máis elevada das catro provincias galegas, con 16,9 sociedades creadas por cada 10.000 habitantes, lixeiramente por debaixo da media española (17). No extremo oposto, Lugo e Ourense, tras unha caída do 5,5% do número de sociedades constituídas no caso da provincia de Ourense, esta provincia amosan o cociente máis baixo, cunha creación de 11,6 empresas por cada 10.000 habitantes.

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas nas CC.AA. 2010 ⁽¹⁾

	creadas		amplían capital		disoltas
	número	capital suscrito (en miles de €)	número	capital suscrito (en miles de €)	número
Andalucía	12.481	404.905	4.546	2.884.717	2.802
Aragón	1.863	152.681	1.063	1.120.612	718
Asturias	1.230	277.308	550	827.447	365
Baleares	1.964	150.139	1.141	678.465	702
Canarias	2.754	156.407	1.246	804.417	796
Cantabria	735	22.418	233	156.562	195
Castela e León	3.150	178.388	1.448	696.488	1.014
Castela - A Mancha	2.721	680.436	1.182	460.938	349
Cataluña	14.384	648.208	7.425	9.906.093	2.558
C. Valenciana	9.356	847.041	3.248	3.239.573	1.890
Extremadura	1.127	35.203	607	489.394	358
Galicia	4.039	140.189	1.735	699.215	1.342
A Coruña	1.609	48.831	673	291.841	534
Lugo	409	24.537	191	33.380	143
Ourense	390	12.704	192	56.033	113
Pontevedra	1.631	54.117	679	317.961	552
Madrid	17.229	2.846.707	6.814	12.079.945	3.688
Murcia	2.276	81.671	1.010	514.040	125
Navarra	962	66.425	429	676.534	88
País Vasco	3.144	1.295.646	1.510	3.754.058	1.218
A Rioxa	402	11.686	205	134.147	222
Ceuta e Melilla	226	4.991	32	13.303	57
Total	80.043	8.000.449	34.424	39.135.948	18.487

(1) datos provisionais
Fonte: INE


■ 3.1.4.

No que respecta á desaparición de sociedades, no conxunto do ano 2010 o número de empresas que se disolveron en Galicia incrementouse un 17%. A cifra acadou as 1.342 sociedades mercantís, 195 máis que en 2009, o que representa o 7,3% das empresas disoltas en España no último ano. Se se considera o índice de rotación empresarial como o cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións, na comunidade autónoma galega disolvéronse un total de 33,2 empresas por cada cen sociedades constituídas, 10,1 máis que a media estatal. Comparada co rexistrado no ano anterior, esta rateo medrou en Galicia en 3,7 puntos, mentres que o incremento foi de menos de un punto en España.


Este índice de rotación presenta un valor superior á media española en todas as provincias galegas, Lugo

rexistra en 2010 un índice de rotación de 35 sociedades disoltas por cada cen constituídas, Ourense de 29, en tanto que en Pontevedra e A Coruña esta rateo é de 33,8 e 33,2 sociedades, respectivamente.

No ano 2010 obsérvase un incremento no número de empresas en concurso de acreedores, entendidos estos como deudores concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilos das persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial (43 en Galicia en 2010). As empresas concursadas en Galicia en 2010 son 293, un 6,9% máis que no ano 2009, fronte ao descenso do 6,4% de media no conxunto do Estado. O 82,2% desas empresas concursadas en Galicia son sociedades de responsabilidade limitada (241 empresas), seguidas a moita distancia polas sociedades anónimas (39 empresas). Segundo a actividade económica exercida pola empresa

Sociedades mercantís constituídas en Galicia e España 2004-10 ⁽¹⁾

Sociedades mercantís constituídas en Galicia e España 2009-10: evolución mensual



(1) taxas de variación interanual
Fonte: INE

3.1.5.

Sociedades mercantís constituídas en Galicia e España 2009-10 ⁽¹⁾: distribución segundo forma xurídica e capital

	Galicia		España		Galicia/España	
	2009	2010	2009	2010	2009	2010
Total						
nº sociedades	3.836	4.039	78.204	79.963	4,9	5,1
capital suscrito	170.203	140.189	4.792.279	7.998.964	3,6	1,8
capital desembolsado	162.561	139.062	4.547.484	7.857.257	3,6	1,8
Sociedades anónimas						
nº sociedades	22	44	798	772	2,8	5,7
capital suscrito	20.409	11.789	742.511	1.200.802	2,7	1,0
capital desembolsado	12.857	10.664	497.716	1.059.099	2,6	1,0
Sociedades limitadas						
nº sociedades	3.814	3.995	77.393	79.182	4,9	5,0
capital suscrito	149.794	128.398	4.049.563	6.797.812	3,7	1,9
capital desembolsado	149.794	128.398	4.049.563	6.797.812	3,7	1,9

(1) datos provisionales
Fonte: INE

3.1.6.

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2009-10⁽¹⁾

	2009				2010			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	% / total		% / total		% / total		% / total	
Andalucía	4.764	21,1	56.540	18,9	4.494	19,9	56.773	19,0
Aragón	806	3,6	6.773	2,3	797	3,5	6.557	2,2
Asturias	265	1,2	3.296	1,1	249	1,1	3.060	1,0
Baleares	211	0,9	2.835	0,9	210	0,9	2.612	0,9
Canarias	334	1,5	5.809	1,9	294	1,3	5.813	1,9
Cantabria	78	0,3	1.211	0,4	81	0,4	1.206	0,4
Castela-A Mancha	1.445	6,4	11.873	4,0	1.419	6,3	12.041	4,0
Castela e León	1.388	6,1	10.641	3,6	1.346	6,0	10.377	3,5
Cataluña	5.003	22,1	39.545	13,2	4.885	21,6	39.210	13,1
C. Valenciana	2.818	12,5	50.520	16,9	2.742	12,1	51.291	17,2
Extremadura	671	3,0	5.814	1,9	648	2,9	5.855	2,0
Galicia	870	3,9	8.035	2,7	872	3,9	8.243	2,8
Madrid	1.076	4,8	15.332	5,1	1.039	4,6	14.492	4,9
Murcia	1.522	6,7	17.957	6,0	1.503	6,7	17.634	5,9
Navarra	316	1,4	6.293	2,1	347	1,5	6.700	2,2
País Vasco	1.478	6,5	53.678	18,0	1.498	6,6	54.608	18,3
Rioxa	129	0,6	1.413	0,5	127	0,6	1.554	0,5
Ceuta e Melilla	45	0,2	448	0,2	44	0,2	488	0,2
Total	23.219	103	298.013	100	22.595	100	298.514	100

(1) datos ó 31 de decembro de cada ano

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

3.1.7.

Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 2009-10

	2009				2010			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
	% / total		% / total		% / total		% / total	
Andalucía	194	19,0	2.588	29,6	173	15,9	902	7,4
Aragón	33	3,2	280	3,2	45	4,1	299	2,4
Asturias	9	0,9	70	0,8	7	0,6	30	0,2
Baleares	17	1,7	734	8,4	17	1,6	112	0,9
Canarias	8	0,8	50	0,6	11	1,0	80	0,7
Cantabria	1	0,1	4	0,0	2	0,2	27	0,2
Castela - A Mancha	17	1,7	135	1,5	16	1,5	106	0,9
Castela e León	47	4,6	473	5,4	52	4,8	5.501	45,0
Cataluña	109	10,7	1.020	11,7	115	10,6	490	4,0
C. Valenciana	107	10,5	566	6,5	104	9,6	480	3,9
Extremadura	14	1,4	156	1,8	17	1,6	102	0,8
Galicia	40	3,9	690	7,9	41	3,8	1.534	12,5
A Coruña	-	-	-	-	7	0,6	140	1,1
Lugo	1	0,1	23	0,3	2	0,2	10	0,1
Ourense	-	-	-	-	4	0,4	15	0,1
Pontevedra	-	-	-	-	11	1,0	45	0,4
R.A. Galicia	39	3,8	667	7,6	17	1,6	1.324	10,8
Madrid	99	9,7	423	4,8	135	12,4	1.081	8,8
Murcia	133	13,0	511	5,8	137	12,6	504	4,1
Navarra	28	2,7	250	2,9	18	1,7	143	1,2
País Vasco	132	12,9	502	5,7	161	14,8	659	5,4
Rioxa	8	0,8	26	0,3	11	1,0	41	0,3
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	1	0,1	5	0,0
Rexistro Central	25	2,4	264	3,0	25	2,3	136	1,1
Total	1.021	100	8.742	100	1.088	100	12.232	100

Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

3.1.8.

Sociedades cooperativas constituídas 2009-10: distribución segundo clase

2009

	Total		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia	
	Número	Socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios
Total	40	690	-	-	1	23	-	-	-	-	39	667
Traballo asociado	17	83	-	-	-	-	-	-	-	-	17	83
Consumidores e usuarios	2	203	-	-	-	-	-	-	-	-	2	203
Vivendas	4	48	-	-	1	23	-	-	-	-	3	25
Agrarias	8	233	-	-	-	-	-	-	-	-	8	233
Explotación común da terra	1	5	-	-	-	-	-	-	-	-	1	5
Servizos	1	10	-	-	-	-	-	-	-	-	1	10
Transportes	5	67	-	-	-	-	-	-	-	-	5	67
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	2	41	-	-	-	-	-	-	-	-	2	41

2010

	Total		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia	
	Número	Socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios
Total	41	1.534	7	140	2	10	4	15	11	45	17	1.324
Traballo asociado	22	93	2	6	2	10	4	15	8	32	6	30
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vivendas	10	174	5	134	-	-	-	-	3	13	2	27
Agrarias	5	1.221	-	-	-	-	-	-	-	-	5	1.221
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Servizos	2	36	-	-	-	-	-	-	-	-	2	36
Transportes	1	4	-	-	-	-	-	-	-	-	1	4
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	1	6	-	-	-	-	-	-	-	-	1	6

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

■ 3.1.9.

concurrida, a construción, con 85 empresas (29% do total), a industria e enerxía, con 80 empresas (27% do total) e o comercio, con 64 empresas (21,8% do total) son as actividades que sofren un maior número de casos de concurso de acreedores en Galicia no ano 2010.

Finalmente, salienta que o 25,2% do total de empresas concursadas tiñan entre 10 e 19 asalariados.

Empresas de economía social

No último ano Galicia presenta un lixeiro aumento do número de cooperativas activas ou en funcionamento así como dos seus socios iniciais. A 31 de decembro de 2010, o número de sociedades situouse nas 872 (2 máis que na mesma data do ano anterior) e o de socios iniciais, en 8.243 (208 persoas máis que en 2010). A nivel

estatal, existe unha importante concentración das sociedades cooperativas en Cataluña, Andalucía e a C. Valenciana, que en conxunto agrupan o 53,6% das cooperativas españolas e o 49,3% dos traballadores; neste senso cabe salientar o caso do País Vasco onde con só o 6,6% das cooperativas existentes no conxunto do estado, acolle ao 18,3% do total de traballadores deste tipo de sociedades.

En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 3,9% das sociedades cooperativas e o 2,8% dos traballadores neste tipo de empresas.

Ao longo do ano 2010 constituíronse en Galicia un total de 41 sociedades cooperativas, cun total de 1.534 socios iniciais, o que representou o 3,8% do total de cooperativas constituídas en España e un 12,5% dos

Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2009-10 ⁽¹⁾

	2009				2010			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	% / total		% / total		% / total		% / total	
Andalucía	3.705	23,6	18.330	20,8	3.410	23,4	17.483	21,4
Aragón	539	3,4	2.099	2,4	509	3,5	2.064	2,5
Asturias	522	3,3	3.153	3,6	512	3,5	3.078	3,8
Baleares	158	1,0	779	0,9	147	1,0	749	0,9
Canarias	514	3,3	2.292	2,6	464	3,2	2.032	2,5
Cantabria	136	0,9	1.194	1,4	121	0,8	1.001	1,2
Castela -A Mancha	1.481	9,4	6.844	7,8	1.372	9,4	6.607	8,1
Castela e León	801	5,1	3.456	3,9	768	5,3	3.245	4,0
Cataluña	1.413	9,0	7.775	8,8	1.305	9,0	7.421	9,1
C. Valenciana	1.239	7,9	6.601	7,5	1.140	7,8	5.937	7,3
Extremadura	396	2,5	2.172	2,5	361	2,5	2.069	2,5
Galicia	856	5,5	4.002	4,5	791	5,4	3.570	4,4
Madrid	1.692	10,8	9.732	11,0	1.570	10,8	9.107	11,1
Murcia	862	5,5	5.083	5,8	812	5,6	4.989	6,1
Navarra	430	2,7	3.161	3,6	415	2,8	3.007	3,7
País Vasco	864	5,5	11.184	12,7	815	5,6	9.065	11,1
Rioxa	58	0,4	311	0,4	50	0,3	271	0,3
Ceuta e Melilla	13	0,1	73	0,1	12	0,1	77	0,1
Total	15.679	100	88.241	100	14.574	100	81.772	100

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

■ 3.1.10.

socios. En relación ao ano anterior, incrementábase nunha o número de cooperativas constituídas, e en 844 o número de cooperativistas.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de traballo asociado, con 22 sociedades, por diante das dez cooperativas de vivendas, e as cinco cooperativas agrarias. En termos do número de cooperativistas, as cinco cooperativas agrarias acollen o 79,6% dos socios iniciais.

O número de sociedades laborais en España descendeu ao logo do ano 2010 en 1.105 empresas, acadando a 31 de decembro deste ano as 14.574 sociedades (SA e SL). Galicia tiña 791 sociedades laborais en alta na Seguridade Social (65 menos que no ano anterior), un 5,4% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 3.570 socios iniciais, o que representa o 4,4% dos socios no conxunto do Estado (81.772 socios iniciais) (cadro 3.1.10.).

O número de sociedades laborais rexistradas e o seu número de socios aumentou ao longo do ano 2010 en

relación ao ano anterior. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 47 sociedades laborais (31 en 2009 e 45 en 2008), que agruparon a 166 socios (44 máis que no ano precedente). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 3,8%, do total das sociedades laborais rexistradas e o 3,6% total dos socios iniciais destas sociedades. O sector servizos acolle en torno ao 53,2% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (25 sociedades) e o 53,6% dos socios (89 socios iniciais). Salienta que, dunha banda, ao igual que o acontecido no ano anterior, no sector primario non se rexistrou ningunha sociedade laboral, e doutra, o incremento no número de sociedades laborais rexistradas e o no número de socios das mesmas, nos tres sectores non agrarios.

No concernente ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.1.13.**, en Galicia, catro de cada dez persoas que traballan nestas sociedades son mulleres; o 41,9% dos traballadores teñen unha idade comprendida entre 25 e 39 anos, e o 37,9%, entre 40 e 54 anos; e un 83,2% dos traballadores realiza a súa actividade a tempo completo. Asemade, pódese destacar que máis da meta-

Sociedades laborales rexistradas nas CC.AA. 2009-10

	2009				2010			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
	% / total		% / total		% / total		% / total	
Andalucía	326	26,6	1.244	26,0	330	26,4	1.221	26,6
Aragón	44	3,6	146	3,0	50	4,0	173	3,8
Asturias	47	3,8	210	4,4	67	5,4	234	5,1
Baleares	11	0,9	40	0,8	16	1,3	59	1,3
Canarias	37	3,0	126	2,6	39	3,1	136	3,0
Cantabria	3	0,2	11	0,2	4	0,3	14	0,3
Castela - A Mancha	49	4,0	163	3,4	43	3,4	154	3,4
Castela e León	61	5,0	224	4,7	60	4,8	235	5,1
Cataluña	163	13,3	698	14,6	136	10,9	460	10,0
C. Valenciana	136	11,1	527	11,0	111	8,9	409	8,9
Extremadura	13	1,1	55	1,1	31	2,5	157	3,4
Galicia	31	2,5	122	2,5	47	3,8	166	3,6
A Coruña	11	0,9	44	0,9	21	1,7	76	1,7
Lugo	2	0,2	7	0,1	4	0,3	12	0,3
Ourense	3	0,2	13	0,3	4	0,3	14	0,3
Pontevedra	15	1,2	58	1,2	18	1,4	64	1,4
Madrid	145	11,8	556	11,6	127	10,1	468	10,2
Murcia	100	8,2	349	7,3	115	9,2	392	8,5
Navarra	18	1,5	66	1,4	36	2,9	151	3,3
País Vasco	40	3,3	252	5,3	39	3,1	157	3,4
Rioxa	1	0,1	4	0,1	1	0,1	4	0,1
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	1.225	100	4.793	100	1.252	100	4.590	100

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

■ 3.1.11.

Sociedades laborales rexistradas en Galicia e España 2009-10: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2009		2010		2009		2010	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Total	45	162	47	166	1.514	5.655	1.252	4.590
Agrario	-	-	-	-	16	55	21	72
Non agrario	45	162	47	166	1.498	5.600	1.231	4.518
Industria	10	38	15	57	209	777	178	674
Construción	4	15	7	20	280	1.021	159	549
Servizos	31	109	25	89	1.009	3.802	894	3.295

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

■ 3.1.12.

Traballadores da economía social en Galicia e España 2010 (1): principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
Sexo						
Varóns	60,1	59,0	59,0	63,0	59,5	55,8
Mulleres	39,9	41,0	41,0	37,0	40,5	44,2
Idade						
Menores de 25 anos	5,7	6,1	7,9	3,6	5,8	7,1
De 25 a 39 anos	41,9	41,8	45,5	37,0	43,7	43,7
De 40 a 54 anos	37,9	36,7	35,8	43,8	36,0	37,7
De 55 anos ou máis	14,5	15,4	10,8	15,6	14,5	11,5
Nacionalidade						
España	97,3	98,0	95,8	97,6	97,2	90,7
Estranxeiro	2,7	2,0	4,2	2,4	2,8	9,3
Tipo de relación						
Indefinida	78,1	75,8	82,2	83,0	75,0	74,1
Temporal	21,9	24,2	17,8	17,0	25,0	25,9
Tipo de xornada						
Tempo completo	83,2	81,2	87,3	90,9	77,7	81,7
Tempo parcial	16,8	18,8	12,7	9,1	22,3	18,3
Antigüidade no negocio						
Ata 6 meses	14,9	17,4	11,7	8,5	17,7	33,5
De 6 meses a un ano	7,8	7,9	8,2	7,8	7,4	7,4
De 1 a 3 anos	17,8	19,1	18,7	16,7	16,8	16,5
De 3 a 5 anos	13,5	14,0	15,8	9,4	14,5	11,9
Máis de 5 anos	46,0	41,6	45,5	57,6	43,6	30,7
Tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	24,4	23,6	33,1	19,0	24,6	
6-10 traballadores	16,3	18,5	19,0	10,1	16,6	
11-25 traballadores	18,5	24,1	16,7	10,0	18,9	
26-50 traballadores	13,4	14,4	9,5	8,9	16,8	
51-100 traballadores	7,9	4,1	11,3	6,6	10,9	
101-250 traballadores	10,0	12,9	9,0	2,4	12,1	
Máis de 250 traballadores	9,6	2,4	1,3	43,0	0,2	
Sector de actividade						
Agricultura	7,1	4,0	8,6	19,0	1,1	
Industria	28,1	23,8	29,1	36,2	26,3	
Construción	10,9	10,2	8,4	13,1	11,3	
Servizos	53,8	62,0	53,9	31,8	61,3	

(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro
 Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

■ 3.1.13.

de dos traballadores galegos (59,5%) –excluídos os autónomos– mantén unha relación superior a tres anos (42,6% de media no conxunto do Estado) e que un 14,9% dos traballadores mantén unha relación inferior a seis meses (33,5% en España).

Galicia salienta polo reducido tamaño das sociedades de economía social, xa que no 40,7% das sociedades traballan menos de 10 persoas (esta porcentaxe ascende ao

52,1% na provincia de Lugo), e tan só no 19,6% das mesmas hai máis de cen traballadores (45,4% en Ourense).

Esforzo pola calidade

O número de certificacións de calidade e xestión medioambiental, indicador do nivel de competitividade dun país, continuou medrando en Galicia ao longo dos últimos anos ata o ano 2009 (último dato dispoñible). Os

Empresas certificadas a 31-12-2009: distribución segundo norma

	empresas
Xestión da calidade	
UNE- EN ISO 9001	3.948
Xestión medioambiental	
UNE - EN ISO 14001	1.246
EMAS	198
Prevención	
OHSAS 18001	223
I+D+i	
UNE 166001	18
UNE 166002	24

Fonte: Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

■ 3.1.14.

datos presentados pola Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia indican que o número de empresas certificadas coa Norma ISO 9001 ascende a 3.948. A implantación destes mecanismos de certificación ofrece numerosas vantaxes en canto a Sistemas de Xestión da Calidade.

Por outra banda, e no eido da Xestión Medioambiental, Galicia conta con 1.444 empresas certificadas (1.246 empresas certificadas por norma UNE-EN-ISO 14001 e 198 pola norma EMAS). A primeira delas é unha norma internacional que se pode aplicar a calquera organización que desexe establecer, documentar, implantar, manter e mellorar continuamente un sistema de xestión ambiental. A norma EMAS é voluntaria, da Unión Europea, e con ela recoñécense aquelas empresas que implantaron un Sistema de Xestión Medioambiental (SGMA) e adquiriron un compromiso de mellora continua, verificado mediante auditorías independentes. As organizacións recoñecidas coa norma EMAS teñen unha política medioambiental definida, fan uso dun sistema de xestión medioambiental e dan conta periodicamente do funcionamento deste sistema a través dunha declaración medioambiental verificada por organismos independentes. Estas entidades son recoñecidas co logotipo EMAS, que garante a fiabilidade da información dada pola empresa.

En canto ás empresas certificadas pola súa prevención de riscos laborais, rexístrase un total no ano 2009 de 223 empresas que cumpren coa norma OHSAS 18001. Moitas organizacións implantan un sistema de xestión da saúde e a seguridade no traballo como parte da súa estratexia de xestión de riscos para adaptarse aos cambios legislativos e protexer ao seu cadro de persoal. Esta norma é a especificación da avaliación recoñecida internacionalmente para sistemas de xestión da saúde e da seguridade no traballo. Unha selección dos organismos máis importantes do comercio, organismos internacionais de normas e de certificación traballaron para concibila e, deste xeito, cubrir os ocos nos que non existe ningunha norma internacional certificable.

En canto a Certificación en I+D+i, Galicia ten un total de 42 empresas certificadas. Por una banda, 18 empresas cumpren coa norma UNE 166001, de sistemas de xestión e eficiencia enerxética, e 24 empresas ampáranse baixo a norma UNE 166002.

En total, operan en Galicia 5.657 empresas certificadas por algunha das normas citadas. En termos porcentuais, o 70% das empresas están abranguidas no eido da xestión da calidade, e un 25% no da xestión ambiental. ■

3.2. ESTRUCTURA PRODUCTIVA

O Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado, prezos correntes, rexistrou no conxunto do ano 2010 unha taxa de crecemento positiva do 0,1%, dúas décimas por riba da media española. Cómpre salientar que os datos trimestrais reflicten que, agás no primeiro trimestre do ano 2010, cunha taxa de variación interanual negativa do 1,1%, a economía galega presenta taxas de crecemento interanual positivas nos tres trimestres restantes.

As taxas de variación interanual do PIB pm por ramas de actividade mostran resultados positivos, agás nas ramas industrial e construción, con caídas do 0,5% e do 5,8%, respectivamente. Así observamos como a rama industrial ralentiza, en grande medida, a súa caída, que no ano 2009 foi do 13,7%, mestres que a construción mantén a tendencia e a intensidade na redución do seu PIB pm., que no ano 2009 foi do 5,6%. Por outra banda, o sector primario, a rama enerxética do secundario así como o sector servizos presentan no ano 2010 taxas de variación positivas, do 3,1%, 3,5% e en torno ao 0,6%, respectivamente.

Tendo en conta as taxas de crecemento da economía de Galicia e de España, o peso relativo da economía galega no total estatal mantense relativamente constante ao longo dos últimos dez anos, en torno ao 5,2%. Como reflicte o **gráfico 1.5.1. [Participación da produción, a pobo-**

ación e o emprego galego no total español 2002-10], o peso do PIB galego a prezos de mercado no total estatal sitúase no 5,11% en 2002 e no 5,23% en 2010.

O cambio de tendencia cara a unha leve recuperación que parece iniciarse no ano 2010 na actividade económica non se trasladou directamente ao mercado de traballo galego, que se caracteriza tanto por un incremento do desemprego como pola caída da ocupación. En 2010, as taxas de variación interanual da poboación ocupada son negativas en todos os sectores, aínda que afecta de maneira máis intensa na industria e na construción, cun 11,5% e 9,1%, respectivamente. No sector primario o descenso foi do 5,5%, e nos servizos, dun 1,7%.

A produtividade aparente do factor traballo, medida como o cociente entre o PIB a prezos de mercado (prezos correntes) e a ocupación, tras unha medra do 0,9% respecto ao ano anterior, situouse en Galicia nos 47.936,1 euros por ocupado (o 91% da media española, cando no ano anterior esta porcentaxe era do 85,3%).

O sector primario presenta a produtividade aparente máis baixa, acadando o 77% da media española. A produtividade aparente do sector da construción é do 93,4% da media estatal, mentres que nos sectores servizos e industria, a produtividade aparente do factor tra-

VEB e emprego 2009-10 : distribución segundo sectores económicos

	VEB (1)		Emprego (2)	
	2009	2010	2009	2010
	(taxas de variación interanuais) (3)			
Total	-3,1	0,1	-3,9	-2,2
Ramas agraria e pesqueira	-2,1	3,1	-0,4	-3,9
Ramas enerxéticas	-3,2	3,5	-4,6	-1,8
Ramas industriais	-13,7	-0,5	-8,8	-4,6
Construción	-5,6	-5,8	-14,4	-9,8
Servizos de mercado	-1,4	0,7	-2,3	-0,9
Servizos non de mercado	4,4	0,6	1,2	1,3

(1) VEB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), base 2005; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (04-04-2011)

(2) os datos do emprego corresponden a postos de traballo equivalentes a tempo completo

(3) datos de avance

Fonte: IGE

■ 3.2.1.

PIB das CC.AA. 2010 (1): distribución segundo ramas de actividade

	Agricultura, gandería e pesca		Enerxía		Industria		Construción		Servizos		VEB prezos básicos	
	(%) / PIB		(%) / PIB		(%) / PIB		(%) / PIB		(%) / PIB		(%) / PIB	
Andalucía	5.545.558	21,3	4.074.821	13,7	9.648.495	7,9	15.176.274	15,5	96.692.601	13,9	131.137.749	13,5
Aragón	1.313.459	5,0	1.139.691	3,8	4.881.491	4,0	3.194.543	3,3	19.355.887	2,8	29.885.071	3,1
Asturias	390.469	1,5	971.271	3,3	3.145.884	2,6	2.655.811	2,7	13.990.379	2,0	21.153.814	2,2
Baleares	272.260	1,0	587.342	2,0	952.373	0,8	2.196.869	2,2	20.360.447	2,9	24.369.291	2,5
Canarias	489.066	1,9	1.040.143	3,5	1.384.251	1,1	3.483.873	3,6	31.386.387	4,5	37.783.720	3,9
Cantabria	341.270	1,3	332.873	1,1	1.998.931	1,6	1.428.577	1,5	8.323.582	1,2	12.425.233	1,3
Castela e León	3.468.797	13,3	2.059.396	6,9	7.068.738	5,8	5.580.091	5,7	34.240.872	4,9	52.417.894	5,4
Castela-A Mancha	2.683.656	10,3	1.174.225	4,0	3.996.690	3,3	4.144.258	4,2	20.865.868	3,0	32.864.697	3,4
Cataluña	2.586.891	9,9	4.159.074	14,0	30.854.878	25,3	16.049.912	16,4	127.470.100	18,3	181.120.855	18,6
C. Valenciana	2.106.919	8,1	2.120.256	7,1	13.095.075	10,7	9.689.237	9,9	66.390.030	9,5	93.401.517	9,6
Estremadura	1.391.688	5,3	716.858	2,4	853.745	0,7	2.493.603	2,5	11.200.703	1,6	16.656.597	1,7
Galicia	2.329.124	8,9	2.469.171	8,3	6.401.077	5,2	6.185.568	6,3	33.524.350	4,8	50.909.290	5,2
Madrid	271.458	1,0	5.066.230	17,1	15.165.886	12,4	14.836.633	15,2	138.890.973	20,0	174.231.180	17,9
Murcia	1.252.120	4,8	747.914	2,5	2.913.376	2,4	2.455.809	2,5	17.636.323	2,5	25.005.542	2,6
Navarra	475.761	1,8	505.202	1,7	4.264.813	3,5	1.681.505	1,7	10.090.535	1,4	17.017.816	1,8
País Vasco	689.788	2,6	2.286.350	7,7	13.914.137	11,4	5.536.117	5,7	38.795.482	5,6	61.221.874	6,3
A Rioxa	441.615	1,7	122.121	0,4	1.535.638	1,3	771.318	0,8	4.330.592	0,6	7.201.284	0,7
Ceuta e Melilla	12.101	0,0	111.062	0,4	56.522	0,0	231.002	0,2	2.510.249	0,4	2.920.936	0,3
Total	26.062.000		29.684.000		122.132.000		97.791.000		696.055.360		971.724.360	

(1) PIB a prezos básicos (prezos correntes) en miles de euros; datos de primeira estimación

Fonte: INE

■ 3.2.2.

ballo sitúase no último ano no 92,9% e 92,5% da media española respectivamente.

Sector primario e industrias relacionadas

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) experimentou en 2010 unha taxa de crecemento positiva respecto á produción do ano anterior.

No último ano, a actividade produtiva neste sector incrementábase un 3,1%, cando no ano precedente contraírase un 2,1%. Dende a perspectiva trimestral, as taxas interanuais de crecemento experimentaron valores positivos nos catro trimestres do ano, sendo a máis elevada a rexistrada no terceiro trimestre, cun 4,6%.

En termos absolutos, o VEB en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2010

	Galicia		España		G/E
	(en ha.)	(%)	(en ha.)	(%)	(%)
Superficie Agraria Útil	864.639	29,2	25.271.187	50,0	3,4
Superficie cultivada	388.009	13,1	17.203.324	34,0	2,3
Cereais gran	36.981	1,3	6.126.669	12,12	0,6
Leguminosas gran	627	0,0	356.664	0,71	0,2
Tubérculos consumo humano	12.558	0,4	57.895	0,11	21,7
Industriais	24	0,0	910.922	1,80	0,0
Forraxeiras	236.084	8,0	1.002.866	1,98	23,5
Hortalizas e flores	3.951	0,1	195.586	0,39	2,0
Barbeitos	31.177	1,1	3.413.921	6,76	0,9
Frutais cítricos	190	0,0	314.575	0,62	0,1
Frutais non cítricos	18.079	0,6	1.010.524	2,00	1,8
Viñedo	26.287	0,9	1.037.356	2,05	2,5
Olivar	3	0,0	2.572.793	5,09	0,0
Outros cultivos leñosos	-	-	50.799	0,10	0,0
Viveiros	808	0,0	19.206	0,04	4,2
Invernadeiros vacíos	48	0,0	27.431	0,05	0,2
Hortos familiares	21.192	0,7	106.117	0,21	20,0
Prados e pasteiros	476.630	16,1	8.067.863	16,0	5,9
Superficie forestal	1.781.317	60,2	18.665.806	36,9	9,5
Chopo	614	0,0	137.192	0,3	0,4
Coníferas	325.989	11,0	5.754.868	11,4	5,7
Frondosas crecemento lento	293.830	9,9	3.289.705	6,5	8,9
Frondosas crecemento rápido	274.926	9,3	665.821	1,3	41,3
Coníferas e frondosas	276.245	9,3	1.492.070	3,0	18,5
Matorral	609.713	20,6	7.326.149	14,5	8,3
Outras superficies	311.885	10,5	6.599.514	13,1	4,7
Erial	2.305	0,1	1.346.514	2,7	0,2
Espartizal	-	-	232.261	0,5	-
Baldío	49.879	1,7	1.007.885	2,0	4,9
Improdutivo	35.316	1,2	1.118.812	2,2	3,2
Non agrícola	207.791	7,0	2.334.967	4,6	8,9
Autas interiores	16.594	0,6	559.074	1,1	3,0
Superficie total	2.957.840	100	50.536.506	100	5,9

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

■ 3.2.3.

relacionadas) acadou en 2010, segundo os datos da Contabilidade regional do INE, os 2.329,1 millóns de euros, o que representa o 8,9% do VEB xerado polo sector no conxunto das CC.AA (9,1% no ano anterior). Galicia mantense como a quinta comunidade con maior importancia relativa, por detrás de Andalucía, Castela e León, Castela-A Mancha e Cataluña.

No que atinxe ao peso do VEB agrario no conxunto da economía galega, cómpre salientar que o sector primario galego ten un peso superior ao rexistrado no conxunto do Estado, ao representar o 4,6% do seu VEB a

prezos básicos xerado (prezos correntes), 1,9 puntos por riba da media en España.

No que á ocupación se refire, no último ano acrécentase o proceso de redución do emprego no sector. Segundo os datos da EPA, o número de traballadores ocupados no conxunto das actividades agrícolas, pesqueiras e forestais descendeu en 5.000 persoas (un 5,4% respecto ao ano anterior), acadando as 86.600 persoas. A importancia relativa da ocupación no total galego acadou no último ano o 7,9%. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 10,9% das persoas ocupadas nestas ramas de

Prezo medio do leite en Galicia e España 2005-10 ⁽¹⁾

	2005	2006	2007	2008	2009	2010
	(en €/100 litros)					
Galicia	29,71	29,61	36,53	36,84	27,69	28,59
España	31,25	30,51	36,41	39,08	30,02	30,26
Diferencial Galicia / España	-1,54	-0,90	0,12	-2,24	-2,33	-1,67

(1) prezos percibidos polos produtores
 Fonte: Consellería do Medio Rural

■ 3.2.4.

Producción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2008-09

	2008		2009 (1)		09/08	
	(en miles de tm.)	(%)	(en miles de tm.)	(%)	(%)	(en miles de tm.)
Andalucía	461,2	7,4	484,0	7,7	4,9	22,8
Aragón	52,4	0,8	88,1	1,4	68,1	35,7
Asturias	585,0	9,4	558,9	8,9	-4,5	-26,1
Baleares	67,4	1,1	67,2	1,1	-0,3	-0,2
Canarias	40,2	0,6	30,3	0,5	-24,6	-9,9
Cantabria	449,3	7,2	416,7	6,7	-7,3	-32,6
Castela e León	927,4	14,8	890,3	14,2	-4,0	-37,1
Castela-A Mancha	176,9	2,8	174,8	2,8	-1,2	-2,1
Cataluña	612,9	9,8	593,0	9,5	-3,2	-19,9
C. Valenciana	43,8	0,7	47,8	0,8	9,1	4,0
Extremadura	36,0	0,6	33,8	0,5	-6,1	-2,2
Galicia	2.378,0	38,0	2.373,0	38,0	-0,2	-5,0
Madrid	66,4	1,1	56,7	0,9	-14,6	-9,7
Murcia	35,9	0,6	31,2	0,5	-13,1	-4,7
Navarra	183,2	2,9	188,2	3,0	2,7	5,0
País Vasco	211,1	3,4	203,6	3,3	-3,6	-7,5
A Ríoxa	14,7	0,2	14,0	0,2	-4,8	-0,7
Total	6.341,8	101	6.251,6	100	-1,4	-90,2

(1) datos provisionais
 Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

■ 3.2.5.

actividade, oito décimas menos que en 2009.

No que atinxe á distribución xeral da terra, o **cadro 3.2.3.** reflicte a súa desigual distribución en Galicia e no conxunto do Estado. Dunha banda, a superficie agraria útil (SAU) representa en Galicia o 29,2% da súa superficie xeográfica, moi por baixo da media estatal, cun 50%. Esta diferenza ven explicada, fundamentalmente, polo feito de que a importancia relativa da superficie cultivada é do 13,1% en Galicia mentres que en España, esta ascende ata o 34%. Doutra banda, cómpre salientar que a superficie forestal representa en Galicia o 60,2% da superficie total galega, ascendendo esta porcentaxe ao 36,9%, no conxunto do Estado. O peso rela-

tivo da superficie correspondente a prados e pasteiros é similar en Galicia e España, con un 16% cada unha.

- Subsector agrogandeiro

O ano 2010 caracterizouse por un forte incremento no consumo de elementos fertilizantes en Galicia, incremento que se produce tanto no caso dos fertilizantes nitróxenos, fosfatados e potásicos. No último ano consumíronse un total de 48,7 miles de toneladas de elementos fertilizantes, un 137,6% máis que no ano anterior, manténdose, sen embargo, na novena comunidade en canto ao consumo dos mesmos, por detrás de Castela e León, Andalucía, Castela-A Mancha, Aragón, a Comunidade Valenciana, Murcia, Cataluña e Estre-

Cotas leiteiras nas CC.AA. na campaña 2009-10: principais datos

	Cota leiteira		Transferencias		Cesións aprobadas	
	(nº)	(tm.)	(nº)	(tm.)	(nº)	(tm.)
Andalucía	757	424.996,5	14	7.934	192	18.447
Aragón	89	92.605,1	2	617	27	2.146
Asturias	2.989	589.019,3	95	11.345	639	39.174
Baleares	212	83.903,5	4	3.525	51	4.096
Cantabria	1.914	435.361,0	36	4.479	466	27.759
Canarias	-	-	-	-	-	-
Castela-A Mancha	298	185.124,4	7	5.761	38	4.249
Castela e León	2.257	787.161,2	29	5.068	407	28.739
Cataluña	806	585.113,1	19	12.158	165	17.082
C. Valenciana	29	40.352,1	-	-	4	1.175
Extremadura	122	29.925,4	-	-	25	1.519
Galicia	13.208	2.221.955,9	419	72.402	1.881	79.716
Madrid	74	63.425,7	-	-	24	4.236
Murcia	26	36.730,3	1	34	2	299
Navarra	261	191.285,2	8	8.109	20	1.923
País Vasco	558	220.056,7	9	2.105	117	9.186
A Rioxa	15	13.393,3	1	938	3	141
Total	23.615	6.000.408,7	644	134.475	4.061	239.887
Galicia / España (%)	55,9	37,0	65,1	53,8	46,3	33,2

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

■ 3.2.6.

madura. Comparado co total estatal, Galicia empregou o 3% do total consumido en España, 1,3 puntos porcentuais máis que en 2009.

A produción de leite de vaca mantívose practicamente constante nas explotacións galegas ao longo do ano 2009 (último dato dispoñible), producíndose un total de 2.373,0 miles de toneladas, 5 mil toneladas menos que no ano anterior, o que representa o 38% da produción española dese ano.

A cota leiteira dispoñible na comunidade autónoma de Galicia na campaña 2009/10, **cadro 3.2.6.**, foi de 2.221,9 miles de toneladas, o que representa o 37% da cota leiteira total de España, estando en Galicia o 55,9% das explotacións con dereito a cota. A pesar da medra do volume total de cota por explotación, que ascendeu nesa campaña a 168,2 miles de toneladas (254 miles de toneladas no conxunto do Estado), Galicia segue a ser a C.A. con menor ratio cota/explotación, seguida de Asturias, con 197 cotas por explotación.

A análise da produción no subsector agrogandeiro cómpre finalizala facendo referencia aos principais datos da

produción de produtos agroalimentarios galegos con indicativo de calidade. No caso concreto da agricultura, os produtos acollidos ás distintas denominacións de calidade son o viño, augardente e licores, agricultura ecolóxica, grelos de Galicia, castaña, tarta de Santiago, pemento do Couto, pataca, pemento de Herbón, faba de Lourenzà e pan de Cea, e no caso da gandería, o queixo, a “ternera gallega”, o lacón e o mel (**cadro 3.2.7.**).

• Subsector mar-industria

O ano 2010 presentou un descenso da produción pesqueira e marisqueira total das distintas lonxas galegas. Esta descendeu un 4,3% en relación á produción do ano anterior, acadando un total de 187,4 miles de toneladas. Polo contrario, o último ano pode considerarse como un bo ano para a venda, xa que o valor en primeira venda cambia a tendencia do ano anterior e aumenta un 8,5%, acadando un valor de 458,4 millóns de euros.

Os peixes segue sendo o grupo de especies máis importante ao representar o 87,9% da produción e o 72,2% do valor total en primeira venda. Comparado co ano

Produtos galegos con indicativo de calidade 2010

Viños con denominación de orixe	Ribeiro	Valdeorras	Rías Baixas	Monterrei	Ribeira Sacra
Viticultores	6.034	1.845	6.584	376	2.842
Adegas	118	45	187	25	89
Superficie inscrita (en ha.)	2.789	1.286	3.814	386	1.271
Producción (en hl.)	28.216	30.848	160.665	8.466	30.758
Denominacións xeográficas de augardentes e licores (1)	Augardente de Galicia	Augardente de Herbas de Galicia	Licor Café de Galicia	Licor de Herbas de Galicia	
Produtores	129	129	129	129	
Destiladores	32	32	32	32	
Locais de envellecemento	17	17	17	17	
Elaboradores-embotelladores	38	38	38	38	
Producción (en litros)	140.986	5.000	38.475	106.544	
IXP Pataca de Galicia					
Produtores	742				
Amacenistas-enzasadores	12				
Superficie controlada (en ha.)	365				
Producción certificada	5.726				
IXP Ternera Gallega					
Gandeiros	7.119				
Matadoiros	49				
Sás de despezamento	24				
Canais certificadas	74.701				
Producción certificada (en tm.)	16.030				
IXP Lacón Gallego					
Explotacións	250				
Ind. cárnicas elaboración	28				
Producción certificada (en pezas)	5.951				
Producción (en kg.)	21.053				
Queixos con DOP	Queixo Tetilla	Arzúa - Ulloa	San Simón da Costa	Queixo do Cebreiro	
Queixerías	35	21	11	2	
Producción (en kg.)	2.245.150	3.200.375	450.960	26.715	
DOP Pemento de Herbón					
Produtores	52				
Amacenistas-enzasadores	5				
Superficie controlada (en ha.)	39,36				
Producción certificada	122.083				
IXP Mel de Galicia					
Apicultores	392				
Colmeas	32.419				
Envasadores	35				
Mel certificada (en kg.)	363.065				
Agricultura ecolóxica					
Superficie inscrita		14.168			
Agricultores		289			
Gandeiros		191			
Elaboradores, importadores e comercializadores		191			
IXP Pan de Cea					
Fornos	18				
Produto certificado (en ha.)	355.740				
IXP Faba de Lourenzá					
Produtores	53				
Almacenistas-enzasadores	6				
Superficie controlada (en ha.)	25				
Faba certificada (en kg.)	4.889				
IXP Grellos de Galicia					
Produtores	169				
Almacenistas-enzasadores	7				
Superficie controlada (en ha.)	592				
Producción certificada (en kg.)	18.436				

IXP: Indicación Xeográfica Protexida; DOP: Denominación de Orixes Protexida

(1) nestas 4 denominacións, os rexistros de produtores de subprodutos, destiladores, locais de avellecemento e elaboradores son comúns a todas

Fonte: *Consellería do Medio Rural*

Produtos galegos con indicativo de calidade 2010 (cont.)

IXP Castaña de Galicia

Produtores	100
Almacenistas-enzasadores	8
Número de pes	26.262
Producción certificada (en kg.)	5.608

IXP Tarta de Santiago

Produtores	11
Producción certificada (en kg.)	-

DOP Pemento do Couto

Produtores	19
Almacenistas-enzasadores	3
Superficie controlada (en ha.)	3
Producción certificada (en kg.)	13.509

Fonte: Consellería do Medio Rural

■ 3.2.7.b.

anterior, a súa produción diminúe un 6,5% en tanto que o seu valor aumenta un 8,2% (cadro 3.2.8.).

Se se desagrega a análise de descargas de pesca fresca segundo zonas de produción, a Mariña lucense, Vigo e A Coruña-Ferrol son as que presentan o maior volume de descargas de pesca fresca, ao acoller o 68,5% da produción total e o 69,7% do valor total de pesca fresca descargada no ano 2010 no conxunto de Galicia.

Atendendo á evolución no período 2009-2010, das descargas de pesca fresca nas nove áreas de produción, cómpre destacar o forte descenso do 24,5% no volume de descarga na zona III-Arousa, o que implica 11 mil toneladas menos de descarga. Fronte a este descenso cabe salientar o incremento de máis do 22% do valor do produto descargado na zona IX-A Mariña, acadando no ano 2010 os 109 millóns de euros, 20 millóns de euros máis que no ano anterior.

A lonxa do porto de Vigo (Asociación de vendedores) segue sendo a máis importante en termos de produción e de ingresos xerados pola súa primeira venda. Tras un descenso do 0,3% respecto ao ano 2009, a súa produción acadou as 39 mil toneladas e os seus ingresos, que se incrementan un 8,9%, os 114,6 millóns de euros. Esta lonxa acolle o 21,6% da produción galega e o 27,6% do valor en primeira venda no conxunto das lonxas galegas.

Do mesmo xeito que na pesca, a acuicultura mariña en Galicia experimentou un importante descenso da súa produción respecto ao ano anterior (5,8%) que levou parello un lixeiro descenso dos ingresos xerados por esta actividade, que permanecen practicamente constantes (0,04% menos que en 2009). Esta evolución explícase basicamente polo comportamento do grupo biolóxico dos bivalvos, cunha redución da súa produción do 5,8% e un descenso do seu valor do 2,5 %.

Dentro da acuicultura mariña destaca o sector do mexillón, que, segundo datos do Consello Regulador da D.O. Mexillón de Galicia, xera 20.000 empregos directos e indirectos na comunidade e facturou 400 millóns de euros no ano 2010. Unhas 2.400 familias dependen do cultivo do mexillón. Galicia conta na actualidade con 3.337 bateas adicadas ao cultivo deste molusco. A miticultura galega é unha importante xeradora de emprego e a poboación ocupada no sector representa preto do 20% da poboación activa nas comarcas produtoras.

No grupo dos peixes cómpre salientar o predominio do cultivo do rodaballo, que representa o 93,8% da produción e o 93,8% do valor dos peixes de acuicultura mariña.

- Subsector silvicultura-madeira

No ano 2010 retómase a tendencia, rota no ano 2009,

Actividade pesqueira e marisqueira 2009-10: distribución segundo grandes grupos de especies

	Produción			Valor		
	2009	2010	10/09	2009	2010	10/09
	(en kg.)		(%)	(en €)		(%)
Total	195.786.660	187.394.702	-4,3	422.372.551	458.381.006	8,5
Algas	62.873	55.472	-11,8	37.059	28.359	-23,5
Bivalvos	8.979.402	8.528.258	-5,0	68.336.626	69.315.330	1,4
Cefalópodos	8.350.111	11.962.418	43,3	20.531.459	30.799.412	50,0
Crustáceos	1.536.479	1.305.954	-15,0	25.269.304	24.533.945	-2,9
Equinodermos	432.516	629.900	45,6	1.214.794	1.793.013	47,6
Gasterópodos	14.119	8.909	-36,9	33.036	18.522	-43,9
Peixes	176.174.147	164.691.208	-6,5	306.077.023	331.036.315	8,2
Poliquetos	3.693	4.837	31,0	150.959	210.693	39,6
Resto das descargas	233.320	207.746	-11,0	722.291	645.417	-10,6
A Coruña	97.495.395	89.416.385	-8,3	167.403.580	173.152.295	3,4
Algas	16.741	24.833	48,3	15.174	13.293	-12,4
Bivalvos	3.622.049	3.548.018	-2,0	27.887.260	28.761.993	3,1
Cefalópodos	2.713.897	4.806.191	77,1	8.720.131	12.967.151	48,7
Crustáceos	882.215	746.540	-15,4	14.608.860	14.586.292	-0,2
Equinodermos	141.868	349.711	146,5	360.907	895.373	148,1
Gasterópodos	3.943	3.990	1,2	9.332	8.964	-3,9
Peixes	89.976.477	79.818.229	-11,3	115.257.747	115.428.851	0,1
Poliquetos	2.017	3.500	73,5	117.660	176.595	50,1
Resto das descargas	136.188	115.373	-15,3	426.509	313.783	-26,4
Lugo	46.406.858	46.923.464	1,1	89.126.110	109.254.141	22,6
Algas	-	-	-	-	-	-
Bivalvos	4.605	18.401	299,6	78.891	63.643	-19,3
Cefalópodos	923.502	1.440.794	56,0	1.767.147	3.145.826	78,0
Crustáceos	35.772	42.105	17,7	696.429	826.862	18,7
Equinodermos	37.746	16.320	-56,8	103.645	49.622	-52,1
Gasterópodos	4.920	2.128	-56,7	9.230	2.661	-71,2
Peixes	45.343.062	45.321.109	-0,0	86.250.459	104.885.922	21,6
Poliquetos	443	279	-	11.805	6.544	-
Resto das descargas	56.808	82.328	44,9	208.504	273.061	31,0
Pontevedra	51.884.407	51.054.853	-1,6	165.842.861	175.974.570	6,1
Algas	46.132	30.639	-99,4	21.885	15.066	-31,2
Bivalvos	5.352.748	4.961.839	5,3	40.370.475	40.489.694	0,3
Cefalópodos	4.712.712	5.715.433	824,1	10.044.181	14.686.435	46,2
Crustáceos	618.492	517.309	104,5	9.964.015	9.120.791	-8,5
Equinodermos	252.902	263.869	4,3	750.242	848.018	13,0
Gasterópodos	5.256	2.791	-46,9	14.474	6.897	-52,3
Peixes	40.854.608	39.551.870	-3,2	104.568.817	110.721.542	5,9
Poliquetos	1.233	1.058	-14,2	21.494	27.554	28,2
Resto das descargas	40.324	10.045	-75,1	87.278	58.573	-32,9

Fonte: Consellería do Mar

■ 3.2.8.

de alza nas cortas de madeira, incrementándose un 12% en relación ao ano anterior.

Dos 6,1 millóns de metros cúbicos de madeira cortados no ano 2009 en Galicia pasouse a 6,9 millóns de metros cúbicos en 2010. Destaca a especie do eucalipto, que supuxo máis da metade do total (3,6 millóns de metros cúbicos), cun incremento dun 15% en relación ao ano

anterior. Os aproveitamentos de piñeiros e outras frondosas diminuíron un 1% e os de coníferas incrementáronse un 9% neste ano.

En 2010 na industria madeireira a nivel estatal obsérvanse comportamentos diferentes do índice de produción industrial segundo sectores de actividade. Neste senso, a fabricación de produtos de madeira e a fabricación de

Actividade pesqueira e marisqueira 2009-10: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2009	2010	10/09	2009	2010	10/09
	(en kg.)		(%)	(en €)		(%)
Vigo	39.274.585	39.162.729	-0,3	105.278.828	114.643.311	8,9
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	37.283.516	38.657.807	3,7	75.320.746	79.350.129	5,3
Ribeira	38.203.595	27.990.199	-26,7	38.214.775	35.565.635	-6,9
Burela	25.270.360	26.074.626	3,2	48.185.130	63.437.266	31,7
Celeiro	21.066.834	20.751.287	-1,5	40.246.137	44.980.231	11,8
Portosín	7.306.119	7.208.318	-1,3	4.796.957	5.770.864	20,3
Camariñas	2.675.029	3.376.476	26,2	3.852.866	4.450.492	15,5
Muros	2.494.071	2.435.850	-2,3	3.818.872	4.212.344	10,3
Cambados	2.421.774	1.817.402	-25,0	7.830.467	8.110.523	3,6
Marín	1.669.064	1.741.351	4,3	4.252.596	3.839.118	-9,7
Portonovo	1.957.339	1.732.709	-11,5	2.439.192	2.077.779	-14,8
Sada	1.356.354	1.494.799	10,2	927.789	1.218.738	31,4
Malpica	1.800.663	1.491.492	-17,2	3.880.066	3.877.280	-0,1
Cariño	1.302.186	1.396.720	7,3	1.610.851	1.948.021	20,9
Noia	1.003.142	1.302.922	29,9	8.611.109	10.411.339	20,9
Carril	877.272	1.054.732	20,2	5.228.247	6.034.649	15,4
Bueu	892.591	1.028.912	15,3	2.906.614	3.635.237	25,1
O Grove	918.106	933.661	1,7	7.366.472	8.009.102	8,7
Cedeira	898.401	830.308	-7,6	5.777.900	5.629.561	-2,6
A Illa de Arousa	815.167	690.516	-15,3	8.170.250	7.936.565	-2,9

Fonte: Consellería do Mar

3.2.9.

mobles non mostran signos de recuperación, fronte aos sectores vencellados ao papel, que melloran os seus índices de produción industrial.

Segundo datos facilitados polo Cluster da madeira de Galicia, a facturación en primeira transformación de 2010 acadou os 1.237 millóns de euros, o que supón un incremento do 14% respecto a 2009. A taxa de emprego mantense estable, tras o descenso de anos anteriores.

Por áreas de actividade dentro da primeira transformación, os rematantes incrementaron a súa facturación (32% máis); os aserradeiros creceron tanto en produción como en facturación un 7%; o subsector do taboleiro aumentou a súa produción un 5% e a súa facturación un 6%; e, finalmente, a única fábrica de produción de pasta de papel en Galicia produciu nos mesmos niveis, mais a súa facturación ascendeu un 13%, pola alza dos prezos internacionais.

En relación aos resultados acadados pola industria de segunda transformación, carpinteiría e mobiliario,

obsérvase un descenso na facturación conxunta dun 9,4% en relación ao ano anterior, situándose en 485 millóns de euros. Dos 14.246 empregados que tiña o sector no ano 2009, pasou a 13.109, un 7% menos, no ao 2010.

Sector industrial

O sector industrial, no seu conxunto, tivo, segundo os datos da Contabilidade trimestral de Galicia, un comportamento positivo ao longo do ano 2010, sendo necesario diferenciar a rama enerxética e a industrial, en canto que o sector enerxético presenta unha taxa de variación interanual real do seu VEB do 3,5%, mentres que a actividade industrial transformadora ralentiza o seu descenso, acadando unha taxa de variación interanual do VEB do -0,5%. Cómpre salientar que no terceiro e cuarto trimestres do ano [cadro 1.2.1. PIB 2009-10: distribución segundo as súas compoñentes], o VEB da industria transformadora presenta taxas de crecemento interanual negativas do -1,6% e -4,5%, respectivamente, mentres que no primeiro e segundo trimestres do

Índice de producción industrial de Galicia e España 2009-10 ⁽¹⁾

	Galicia			España		
	2009	2010	10/09 (%)	2009	2010	10/09 (%)
Índice xeral	90,4	90,3	-0,1	82,6	83,4	0,9
Bens de consumo	95,6	93,1	-2,6	90,8	91,6	0,9
consumo duradeiro	74,0	68,4	-7,5	67,1	62,1	-7,4
consumo non duradeiro	98,0	95,8	-2,2	95,2	97,0	1,9
Bens de equipamento	88,6	87,9	-0,7	79,9	77,3	-3,3
Bens intermedios	82,9	82,7	-0,3	73,7	75,7	2,7
Energía	96,4	100,5	4,2	94,6	97,0	2,5

(1) base 2000=100; medias anuais
Fonte: INE

■ 3.2.10.

Indicador de confianza empresarial 2009-10 ⁽¹⁾: distribución segundo sector económico

trimestres	2009				
	Total	Industria	Construcción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
I	-34,9	-37,1	-27,1	-36,7	-36,1
II	-27,6	-26,9	-30,5	-27,6	-27,1
III	-28,9	-29,4	-42,1	-23,7	-25,8
IV	-25,5	-26,2	-32,5	-21,8	-23,9

trimestres	2010				
	Total	Industria	Construcción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
I	-18,7	-21,1	-18,3	-14,2	-18,5
II	-23,2	-19,1	-32,8	-13,1	-23,2
III	-26,5	-25,1	-40,8	-12,7	-24,7
IV	-33,0	-26,6	-50,0	-26,5	-31,5

(1) o indicador de confianza empresarial varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios

Fonte: IGE

■ 3.2.11.

ano as variacións foron positivas, cun 1% e 3,5%, respectivamente.

En termos monetarios, a Contabilidade regional de España (fonte INE) reflicte que a produción do sector industrial galego, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), mantén no ano 2010 a súa importancia relativa no total estatal.

O VEB industrial galego situouse nos 8.870,2 millóns de euros, o 5,8% do total estatal, o que posiciona novamente a Galicia como a sétima comunidade con maior peso por detrás de Cataluña (23,1%), Madrid (13,3%),

País Vasco (10,7%), a Comunidade Valenciana (10,0%), Andalucía (9%) e Castela e León (6%).

O sector enerxético galego produciu un total de 2.469,2 millóns de euros (o 8,3% da produción española), 654,5 millóns de euros máis que no ano anterior, e a actividade industrial, sen a enerxía, 6.401,1 millóns de euros, o 5,2% do total estatal, con 253,7 millóns de euros menos que no mesmo período do ano anterior.

A importancia relativa da actividade industrial no VEB total a prezos de mercado da economía galega é do 17,4% en 2010, 1,8 puntos porcentuais máis que no

Indicador de confianza empresarial 2009-10: distribución segundo actividade principal da empresa

Incremento da actividade

(% sobre o total de empresas)

	Total	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
2009					
I	3,0	3,9	7,1	0,2	1,8
II	8,0	11,3	8,4	12,0	5,6
III	11,5	14,8	11,5	4,0	11,7
IV	9,5	10,0	7,3	10,7	9,9
2010					
I	10,6	12,9	8,6	4,5	11,5
II	11,9	18,7	10,7	11,3	9,7
III	10,2	15,4	8,4	9,4	8,9
IV	9,0	12,5	3,5	10,6	9,1

Estabilidade da actividade

(% sobre o total de empresas)

	Total	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
2009					
I	34,9	29,8	31,7	35,2	38,2
II	41,7	45,6	35,5	33,3	44,0
III	43,0	36,4	38,3	55,8	44,9
IV	46,3	45,3	42,1	43,9	48,7
2010					
I	48,2	47,5	37,8	39,6	53,7
II	52,0	56,9	44,9	45,4	53,6
III	49,5	54,0	40,2	45,7	51,5
IV	48,2	45,4	43,1	51,4	50,4

Diminución da actividade

(% sobre o total de empresas)

	Total	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
2009					
I	62,1	66,4	61,2	64,6	60,1
II	50,4	43,1	56,2	54,7	50,4
III	45,5	48,8	50,2	40,3	43,5
IV	44,2	44,7	50,6	45,4	41,4
2010					
I	41,2	39,6	53,6	55,9	34,8
II	36,1	24,5	44,4	43,3	36,7
III	40,3	30,7	51,4	44,9	39,6
IV	42,8	42,2	53,4	38,0	40,5

Fonte: IGE

3.2.12.

conxunto do Estado. O VEB xerado polas ramas enerxéticas representa en Galicia o 4,8% do seu VEB total (3% en España), mentres que a produción industrial sitúase no 12,5%, mesma porcentaxe que no conxunto do Estado.

O índice de produción industrial é un indicador de carácter coxuntural, que trata de medir a evolución experimentada polo volume do valor engadido bruto a

custo de factores, do sector industrial na Comunidade Autónoma de Galicia; este índice ao longo de 2010 mantense estable en relación ao ano anterior, cunha variación negativa do 0,1%, un punto porcentual por debaixo da variación experimentada no conxunto do Estado (0,9% de media). Neste senso, é importante salientar a diminución na desaceleración deste índice que no ano 2009 reduciuse un 17,1% en relación ao ano anterior.

Balance de enerxía eléctrica en Galicia e España 2009-10

	Galicia			España		
	2009	2010	10/09	2009	2010	10/09
	(en GWh)		(%)	(en GWh)		(%)
Réxime ordinario	16.787	17.004		206.229	204.269	-0,95
Hidráulica	6.171	9.002	45,88	23.862	38.653	61,99
Nuclear		0		52.761	61.990	17,49
Carbón	7.433	5.811	-21,82	37.311	25.478	-31,71
Fuel/gas (1)	12	0		10.056	9.553	-5,00
Ciclo combinado	3.171	2.191	-30,91	82.239	68.595	-16,59
Consumos xeración	-594	-488	17,85	-8.004	-7.572	5,40
Réxime especial	10.505	12.732	21,20	81.938	91.866	12,12
Renovables	8.430	10.781	27,89	54.531	62.821	15,20
Hidráulica	1.294	1.778	37,40	5.483	6.811	24,22
Eólica	6.645	8.467	27,42	36.991	43.692	18,12
Outras renovables	491	536	9,16	12.057	12.318	2,16
Biomasa	183	212	15,85	2.528	3.127	23,69
Solar	16	14	-12,50	7.110	6.311	-11,24
Resto renovables	292	311	6,51	2.418	2.188	-9,51
Non renovables	2.074	1.951	-5,93	27.407	29.045	5,98
Calor residual	0	0	0,00	30	96	220,00
Carbón	0	0	0,00	99	65	-34,34
Fuel-Gasoil	1.212	1.233	1,73	3.078	2.594	-15,72
Gas residual	164	0	-100,00	381	942	147,24
Gas natural	698	718	2,87	23.819	25.348	6,42
Xeración neta	26.698	29.250	9,56	280.164	288.563	3,00
- consumo bombeo	-351	-152	56,70	-3.736	-4.458	-19,33
+saldo intercambio	-6.760	-8.366	-23,76	-8.104	-8.333	-2,83
Demanda	20.006	20.731	3,62	267.711	275.773	3,01

(1) Inclúe GICC (Elcogás)

Fonte: Red Eléctrica de España

■ 3.2.13.

Asemade, é importante destacar que todos os ámbitos económicos considerados, agás a enerxía, presentan, **cadro 3.2.10.**, unha caída do seu índice de produción, sendo esta caída do 7,5% no caso dos bens de consumo duradeiro, e do 2,2% nos bens de consumo non duradeiro. O índice de produción industrial dos produtos enerxéticos creceu un 4,2%, acadando un índice de 100,5 (base 2000=100), sendo este subsector o único dos analizados que presenta, tanto un crecemento positivo, como un índice superior a 100.

O sector industrial perde de media no ano 2010 máis de 7.000 afiliados á Seguridade Social, destacando negativamente nesta perda de afiliacións as ramas de fabricación de produtos minerais, non metálicos e de fabricación de produtos metálicos, as industrias da madeira, textis e de confección de roupa e calzado, así como as industrias extractivas.

Un cuarto indicador da situación do sector industrial,

xunto á produción, ao emprego e ao IPI, é o índice galego de confianza empresarial. Este índice pode variar do -100 ao 100, sendo o valor 0 o punto neutral. Podemos ver, tal e como reflicte o **cadro 3.2.11.**, valores negativos nos catro trimestres do ano 2010, sendo máis significativos os índices do terceiro e cuarto trimestres do ano, cunhas cifras negativas de 25,1 e 26,6, respectivamente.

Asemade, cómpre salientar que no cuarto trimestre do ano 2010 o 45,4% das empresas do sector industrial consideraban que a súa actividade ía permanecer constante, o 42,2% consideraban que a súa actividade ía diminuír e só o 12,5% tiñan confianza nun incremento da súa actividade (**cadro 3.2.12.**).

• Subsector enerxético

Xunto ao incremento do VEB xerado no sector enerxético, hai que mencionar a alza que se produce tanto na xeración neta de electricidade como na súa demanda. No ano 2010 a xeración neta de enerxía eléctrica incre-

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2009-10

2009

	Gasolinas	Gasóleos	Fuel óleos	Total
	(en tm)			
Galicia	332.526	2.316.750	717.490	3.366.766
A Coruña	128.777	879.046	291.680	1.299.504
Lugo	38.711	372.907	331.432	743.050
Ourense	42.908	283.196	48.064	374.169
Pontevedra	122.130	781.600	46.313	950.043
España	6.004.507	31.658.831	3.410.111	41.073.449
Galicia/España (%)	5,5	7,3	21,0	8,2

2010

	Gasolinas	Gasóleos	Fuel óleos	Total
	(en tm)			
Galicia	312.158	2.303.578	697.128	3.312.863
A Coruña	120.839	859.119	274.624	1.254.583
Lugo	37.246	371.755	337.569	746.570
Ourense	39.933	291.934	40.834	372.701
Pontevedra	114.140	780.769	44.101	939.010
España	5.668.494	31.461.425	3.099.199	40.229.118
Galicia/España (%)	5,5	7,3	22,5	8,2

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

■ 3.2.14.

mentouse un 9,6% respecto ao acontecido no ano anterior (6,6 puntos máis que no conxunto do Estado), para situarse nos 29.250 gigavatios-hora, en tanto que a demanda o fixo nun 3,6% (3% en España), acadando os 20.731 GWh.

No que á xeración de enerxía eléctrica se refire, e tal como se reflicte no **cadro 3.3.13.**, tanto no conxunto do Estado como en Galicia se rexistra unha medra da enerxía eléctrica de réxime especial (12,1% e 21,2%, respectivamente) e un leve incremento en Galicia (1,3%) e descenso no conxunto do Estado (-1%) das de réxime ordinario consideradas no seu conxunto. Dentro deste último grupo hai que salientar que descende a produción de enerxía eléctrica xerada polas distintas fontes agás a hidráulica, que presenta unha medra do 45,9% en Galicia e do 62% en España.


Enténdese por Réxime Especial de produción de enerxía eléctrica o que se aplica á evacuación de enerxía ás redes de distribución e transporte procedente do tratamento

de residuos, biomasa, hidráulica, eólica, solar e coxeneración. En Galicia no ano 2010 prodúcese un incremento do 21,2% na produción de enerxía de réxime especial como consecuencia do incremento do 27,9% na produción de enerxías renovables en réxime especial, fundamentalmente enerxía eólica (8.467 GWh, un 27,4% máis que no ano anterior) e enerxía hidráulica (1.778 GWh, un 37,4% máis que no ano anterior).

• Produtos petrolíferos

A demanda destes produtos en España diminuíu un 2,1% respecto á rexistrada no ano 2009, e en Galicia esta diminución foi do 1,6%, medio punto porcentual menos, acadando as 3.312,9 miles de toneladas métricas (o 8,2% do total estatal). Analizando por separado o comportamento de cada un dos produtos petrolíferos, o **cadro 3.2.14.** reflicte un descenso de todos eles, tanto no caso das gasolinas como dos gasóleos e fuel óleos.

Durante o 2010 e igual que aconteceu en anos anteriores os gasóleos son o produto máis consumido, repre-

Facturación (1) e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2005-10

(1) en millones de euros
 Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

■ 3.2.15.

sentando un 69,5% do total de produtos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 21% e do 9,4%, respectivamente.

O peso relativo no total estatal dos tres produtos mantense practicamente igual que no 2009, cunha lixeira medra de un punto e medio no caso dos fuel óleos no total estatal, que se situou no 22,5% do total estatal.

• Industria da automoción

Despois das cifras record, no que aos niveis de produción se refire, rexistradas en 2007, a partir da segunda metade do ano 2008 a crise internacional afectou aos niveis de produción rexistrando unha caída moi importante da facturación e o emprego no ano 2009; ao longo do ano 2010 obsérvase unha recuperación, tanto nos niveis de produción como do emprego.

Segundo os datos facilitados pola Fundación Clúster de empresas de automoción de Galicia (CEAGA), o ano 2010 pechou cun incremento na facturación do 7% e un aumento tamén do 7% dos postos de traballo no sector.

As empresas que compoñen o clúster de automoción

xeraron, en 2010, 21.050 empregos directos, o que supón o 12,3% do emprego industrial galego.

Asemade, a facturación do sector acadou un total de 7.340 millóns de euros, o que representa en torno ao 13,9% do PIB de Galicia. No conxunto do Estado, a produción de vehículos en Galicia supón o 16,6% da produción estatal, esta cifra converte á comunidade de Galicia na segunda con maior peso produtivo tan só superada por Cataluña, cun 17,8%.

A pesar de que ao longo do ano 2010 continúa o descenso do número de turismos fabricados en relación ao ano anterior (11,1% menos), a produción total de vehículos automóbiles en Galicia experimentou en 2010 un aumento do 4,5% respecto ao ano anterior. O número total de vehículos situouse nos 396.727 (17.151 vehículos máis que no ano precedente) dos que 150.880 corresponden á produción de turismos (18.859 menos que no ano anterior) e 245.847, a vehículos industriais (un 17,2% por riba da produción de 2009).

Neste ano 2010, a crise económica reflíctese tamén na caída do número de matriculacións de automóbiles, cunha caída en Galicia do 12,8%. En 2010 matricularonse, segundo datos da Axencia Tributaria, un total de

Construción naval en Galicia e España 2009-10

2009								
	Novos contratos				Carteira de pedimentos			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	nº e arqueo (1)							
Asteiros galegos	4	18.514	4	18.514	26	219.160	31	255.267
A. Armón Vigo					2	4.622	2	4.622
M. Cies					2	1.976	4	4.546
F. Cardama	2	714	2	714	3	1.054	3	1.054
C. N. Freire	1	600	1	600	5	21.587	5	21.587
F. Vulcano					6	64.246	6	64.246
F.N. Marín					3	12.428	3	12.428
H. J. Barreras					3	87.647	6	121.184
Metalships & Docks	1	17.200	1	17.200	2	25.600	2	25.600
Total sector	12	28.484	13	28.979	85	409.742	115	581.583

2010								
	Novos contratos				Carteira de pedimentos			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	nº e arqueo (1)							
Asteiros galegos	6	28.820	6	28.820	20	162.189	20	162.189
A. Armón Vigo					2	1.976	2	1.976
M. Cies								
F. Cardama	3	820	3	820	4	2.190	4	2.190
C. N. Freire	1	6.000	1	6.000	5	23.268	5	23.268
F. Vulcano					1	7.450	1	7.450
F.N. Marín					2	8.200	2	8.200
H. J. Barreras					3	79.905	3	79.905
Metalships & Docks	2	22.000	2	22.000	3	39.200	3	39.200
Total sector	25	91.469	25	91.469	80	361.327	80	361.327

(1) en toneladas brutas, equivalente a 1016,041kg
 Fonte: Gerencia del Sector Naval

■ 3.2.16.

49.044 automóviles, turismos e todoterreos, o 5,6% do total estatal, sendo Galicia a quinta Comunidade Autónoma con máis matriculacións, tras Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

• Industria naval

Ao longo do ano 2010, os estaleiros galegos rexistraron un aumento tanto do número de novos contratos como do arqueo total. O arqueo total dos 6 contratos novos, dous máis que no ano anterior, foi de 28.820 toneladas brutas, case 10.000 toneladas máis que no ano anterior, pero máis de noventa mil toneladas por baixo do rexistrado en 2008. A totalidade destes contratos corresponden a contratos para exportación.

Asemade, no último ano rexistrouse unha caída da car-

teira de pedimentos, que acada os 20 contratos (todos son contratos para a exportación), once menos que en 2009. Tal coma indica o **cadro 3.2.16.**, o arqueo total foi de 162.189 toneladas brutas, 93.078 menos que no ano anterior.

No que atinxe á actividade produtiva do sector, os datos da “Gerencia del sector naval” indican que ao longo do ano 2010 iniciouse a obra de tres barcos nos estaleiros galegos, o 13% do total estatal (estaleiros privados), sendo o seu arqueo de 11.570 toneladas brutas, o que representa o 42,6% dos estaleiros privados españois. No último ano botáronse un total de 8 barcos, cun arqueo de 71.942 toneladas brutas, o que indica que un de cada cinco barcos botados en España o fixeron en Galicia, e que o seu arqueo representa o 39% do total estatal.

Licitación pública en Galicia e España 2009-10: distribución segundo tipo de obra

2009

	Galicia					Total España	G/E (rexion.)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra			
	(en millóns de €)						(%)
Total	2.697,7	754,6	403,5	288,0	532,4	39.100,4	6,9
Edificación	443,7	218,2	65,7	31,7	128,1	13.829,2	3,2
Vivenda	10,7	9,1	0,1		1,5	1.419,3	0,8
Equip. Social	291,0	137,2	55,8	27,1	71,0	8.142,0	3,6
Resto edificación	142,1	72,0	9,9	4,6	55,6	4.267,9	3,3
Obra Civil	2.254,0	536,4	337,8	256,3	404,3	25.271,2	8,9
Transportes	863,5	239,8	254,6	180,1	189,0	12.687,9	6,8
Urbanizacións	428,8	207,4	40,9	32,5	148,1	7.713,9	5,6
Hidráulicas	205,1	79,8	34,6	38,8	52,0	4.103,4	5,0
Medio Ambiente	37,3	9,3	7,7	5,0	15,2	765,9	4,9

2010

	Galicia					Total España	G/E (rexion.)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra			
	(en millóns de €)						(%)
Total	1.823,5	642,4	215,7	151,5	813,9	26.209,2	7,0
Edificación	501,1	197,8	63,8	59,6	180,0	10.914,8	4,6
Vivenda	14,6	2,4	2,0	7,6	2,6	1.081,3	1,4
Equip. Social	315,5	147,2	51,7	25,1	91,4	7.866,1	4,0
Resto edificación	171,1	48,1	10,0	27,0	86,0	1.967,4	8,7
Obra Civil	1.322,3	444,7	151,9	91,9	633,9	15.294,4	8,6
Transportes	598,5	258,1	57,2	36,9	246,3	6.729,4	8,9
Urbanizacións	282,6	111,9	60,3	28,8	81,6	4.651,4	6,1
Hidráulicas	404,6	66,0	27,2	14,5	296,9	3.028,4	13,4
Medio Ambiente	36,7	8,7	7,3	11,6	9,1	885,2	4,1

Fonte: Seopan

■ 3.2.17.

Construción

Despois de ser un dos sectores de actividade con maior crecemento, o valor engadido bruto xerado pola construción en Galicia presentou en 2009 unha caída moi significativa do 5,6%, caída que continua coa mesma intensidade ao longo do ano 2010, acadando o -5,8% de variación interanual. Con maior intensidade que o acontecido no sector industrial, as taxas de crecemento na actividade da construción foron negativas ao longo de todo o ano [cadro 1.2.1. PIB 2009-10: distribución segundo as súas compoñentes]. Continuando coa tendencia do ano anterior, nos catro trimestres do ano 2010, o VEB xerado neste sector contráese significativamente, con taxas de variación interanuais negativas, superiores ao 4%, acadando incluso niveis do -7,2% e -6,8% no primeiro e segundo trimestre do ano.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade representa o 5,9% do VEB total xerado por este sector en España. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no VEB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (11% en Galicia e 10% de media en España).

O descenso desta actividade económica tivo o seu reflexo no mercado de traballo, onde o número de traballadores ocupados experimentou unha caída do 9,1% (10.500 persoas menos que no ano precedente). O sector acolle o 9,5% dos galegos ocupados segundo a EPA (10% o ano anterior), sen embargo crece o número de ocupados galegos no sector da construción en relación co total de España ata situarse no 6,4% (6,1% no ano anterior).

Licitación pública en Galicia e España ⁽¹⁾ 2009-10: distribución segundo administracións

	2009		2010		10/09	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de €)				(%)	
Administración Xeral do Estado	1.502	12.220	661	5.482	- 56,0	- 55,1
Mº Fomento	1.353	9.210	412	3.651	- 69,6	- 60,4
Mº Medio Ambiente e Medio Rural e Marino	132	1.456	234	1.139	77,1	- 21,8
Resto Admón. Xeral	16	1.555	16	692	1,1	- 55,5
Administración Autonómica	521	11.957	569	9.229	9,1	- 22,8
Administración Local	675	14.923	594	11.498	- 12,1	- 23,0
Concellos	545	12.295	444	8.913	- 18,5	- 27,5
Outras Administracións	130	2.629	149	2.585	14,8	- 1,7
Total	2.698	39.100	1.823	26.209	- 32,4	- 33,0

(1) total rexionalizable
Fonte: Seopan

3.2.18.

O valor da licitación pública de todas as administracións en Galicia, cae no ano 2010 un 32,4%, situándose nos 1.823,5 millóns de euros (o 7% da licitación no conxunto do Estado), dato significativo se o comparamos coa medra experimentada no ano 2008 superior ao 20% e co descenso do 0,5% no ano precedente. A licitación pública en obra civil acadou os 1.322,3 millóns de euros, mentres que a licitación pública en edificación sitúase nos 501,1 millóns de euros.

Galicia presenta en 2010 un incremento do 9,1% no valor total das licitacións da Administración autonómica, mentres que a Administración central presenta unha redución do 56%, cando no conxunto do Estado a primeira descende un 22,8% e a licitación da Administración central descende no conxunto de España un 55,1%. A contía do licitado pola Administración autonómica neste ano 2010, estivo por riba do licitado polo Ministerio de Fomento, 569 e 412 millóns de euros respectivamente. Se comparamos este dato co do ano 2009 podemos ver que nese ano a contía do licitado pola Administración autonómica foi moi inferior ao licitado polo Ministerio de Fomento, con 521 e 1.353 millóns de euros, respectivamente.

De xeito similar á licitación do Estado, se comportou a contía da licitación da Administración local, que se situou no 2010 nos 594 millóns de euros, experimentando unha diminución do 12,1%. Comparado co total

estatal, Galicia acolle o 12% da licitación pública da Administración central, fronte ao 6,2% da licitación autonómica e o 5,2% das administracións locais.

Pontevedra sitúase como a provincia con maior volume de licitación, con 813,9 millóns de euros (o 44,6% da licitación en Galicia), seguida de A Coruña, con 642,4 millóns de euros (35,2%). Comparado coa licitación do ano anterior, o **cadro 3.2.18.** indica que o volume total de licitación descende en todas as provincias galegas agás en Pontevedra, que experimenta un crecemento case do 52,9%. En canto á desagregación segundo obra, a licitación en obra civil descende en Galicia un 41,3%. Esta tendencia obsérvase en tódalas provincias galegas agás en Pontevedra, que experimenta un incremento do 56,8%. Esta diminución na licitación en obra civil podemos observala tamén no conxunto do Estado, no que se deixou de licitar por un valor de 9.976,8 millóns de euros, un 39,5% menos que no ano anterior.

Outro dos indicadores que amosan as dificultades polas que atravesamos esta actividade económica é o deterioro da confianza empresarial. O incremento do pesimismo se reflicte na evolución do índice de confianza empresarial, que pasa do -18,3 no primeiro trimestre do ano ata o -50 no cuarto trimestre.

• **Datos de vivenda**

A evolución do mercado da vivenda en Galicia ao longo

Construcción de viviendas en Galicia e España 2009-10

Viviendas iniciadas

	Viviendas libres			Viviendas protegidas			Total viv. iniciadas		
	2009	2010	10/09 (%)	2009	2010	10/09 (%)	2009	2010	10/09 (%)
Galicia	6.251	4.072	-34,9	1.146	3.017	163,3	7.397	7.089	-4,2
A Coruña	2.770	2.084	-24,8	531	1.764	232,2	3.301	3.848	16,6
Lugo	996	499	-49,9	144	293	103,5	1.140	792	-30,5
Ourense	542	283	-47,8	50	183	266,0	592	466	-21,3
Pontevedra	1.943	1.206	-37,9	421	777	84,6	2.364	1.983	-16,1
España	80.230	63.090	-21,4	79.054	60.798	-23,1	159.284	123.888	-22,2
Galicia/España (%)	7,8	6,5		1,4	5,0		4,6	5,7	

Viviendas rematadas

	Viviendas libres			Viviendas protegidas			Total viv. rematadas		
	2009	2010	10/09 (%)	2009	2010	10/09 (%)	2009	2010	10/09 (%)
Galicia	22.150	17.245	-22,1	1.778	1.847	3,9	23.928	19.092	-20,2
A Coruña	9.940	7.014	-29,4	871	793	-9,0	10.811	7.807	-27,8
Lugo	4.627	2.355	-49,1	501	84	-83,2	5.128	2.439	-52,4
Ourense	1.329	1.664	25,2	76	261	243,4	1.405	1.925	37,0
Pontevedra	6.254	6.212	-0,7	330	709	114,8	6.584	6.921	5,1
España	356.555	218.572	-38,7	68.575	56.996	-16,9	425.130	275.568	-35,2
Galicia/España (%)	6,2	7,9		2,6	3,2		5,6	6,9	

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.19.

do ano 2010 foi negativa, aínda que con menor intensidade que nos anos precedentes. O aumento do número de transaccións inmobiliarias, o descenso do índice xeral de prezos da vivenda e o descenso no número de vivendas iniciadas e rematadas son os aspectos máis relevantes da citada evolución.

O número de vivendas iniciadas en 2010 cae nun 4,2% respecto ao rexistrado no ano anterior, sendo este descenso moito menos acusado en Galicia que no conxunto do Estado onde o número de vivendas iniciadas no ano 2010 foi un 22,2% inferior ao ano anterior. No último ano iniciáronse en Galicia un total de 7.089 vivendas (o 5,7% das vivendas iniciadas no conxunto do Estado), das que 4.072 corresponden a vivendas libres (o 6,5% do total estatal) e 3.017 a vivendas protexidas (o 5% das vivendas protexidas iniciadas en España). Como se reflicte no **cadro 3.2.19.**, Galicia presenta un descenso importante das vivendas iniciadas libres co 34,9%

menos que no ano anterior, compensado polo incremento no 163,3% das vivendas protexidas; a nivel estatal diminúen o conxunto de vivendas iniciadas, tanto libres como protexidas.

No caso das vivendas rematadas, finalizáronse un total de 19.092 vivendas, o 6,9% das vivendas rematadas en España. O número de vivendas libres é de 17.245 (o 7,9% das vivendas españolas libres rematadas), e o de vivendas protexidas, de 1.847 (o 3,2% do total estatal). En relación ao ano anterior, pódese observar como se experimenta unha caída no número de vivendas rematadas libres (-22,1%), e un incremento no número de vivendas rematadas protexidas (3,9%). No conxunto do Estado, o descenso prodúcese en ambos tipos de vivenda, sendo máis significativo no caso das vivendas libres, que caen un 38,7%.

O número de edificios de nova planta a construír en

Edificación e vivendas en Galicia e España 2009-10: datos xerais

	Galicia		España	
	2009	2010	2009	2010
Edificación de nova planta				
Edificios a construír	2.989	2.463	51.744	44.781
Residencial	2.517	2.073	39.564	35.110
Non residencial	472	390	12.180	9.671
	(en miles m ²)			
Superficie a construír	1.963	1.352	37.433	26.706
Residencial	1.474	1.046	24.419	18.488
Non residencial	489	306	13.014	8.218
Vivendas a construír	7.372	4.811	130.546	91.645
Obras de rehabilitación				
Edificios a rehabilitar	1.509	1.471	33.267	31.910
Vivendas creadas en rehabilitación	938	696	13.465	11.704
Obras de demolición				
Edificios a demoler	239	211	7.984	8.084
Vivendas a demoler	535	486	9.894	8.716
Total vivendas	7.775	5.021	134.117	94.633

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.20.

Galicia foi de 2.463 (2.073 edificios residenciais) cunha superficie a construír de 1.352 miles de metros cadrados (en edificación residencial 1.046 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír reduciuse nun 34,7%, para situarse nas 4.811 vivendas.

Xunto a esta edificación de nova planta, o número de licencias municipais para rehabilitación de edificios diminuíu ata as 1.471, un 2,5% menos que en 2009, situándose o de licencias para demolición de edificios nas 211, un 11,7% menos que no ano precedente. No último ano, o número total de vivendas creadas en rehabilitación foi de 696 e o de vivendas a demoler, de 486.

En relación aos visados de dirección de obra nova, descende o número de edificios visados, tendencia que se ven mantendo ano tras ano, que en 2010 se situou nos 2.109 (un 11,2% inferior á do ano anterior), dos que 1.878 corresponderon a edificios para uso residencial. A superficie total a construír reduciuse un 31,4% respecto ao ano anterior, acadando os 1.299,8 miles de metros cadrados, dos que 923,9 corresponden a vivendas. O presuposto de execución caeu un 27,6% en relación ao presupostado en 2009, acadando os 475,7 millóns de

euros, dos que 365,8 millóns (24,9% menos que no ano anterior) corresponderon a uso residencial.

Ao longo do último ano, en Galicia concedéronse un total de 51 visados de dirección de obra nova no caso do servizo comerciais e almacéns. O presuposto de execución de obra nova dos servizos comerciais reduciuse nun 33%, e a superficie a construír nun 42,5%. A superficie total a construír foi de 177.559 metros cadrados e o presuposto de execución, de 44,3 millóns de euros.

No caso dos visados de dirección de obra nova correspondentes a uso industrial, en 2010 concedéronse un total de 32 visados de dirección de obra (26 menos que no ano anterior), descendendo significativamente tanto a superficie a construír como o presuposto de execución. No último ano a superficie a construír foi de 40.794 metros cadrados (un 68,5% menos que no ano precedente) e o presuposto de execución caeu ata os 8 millóns de euros (un 75,6% menos que no ano anterior).

O número de visados de dirección de obras de amplia-

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2009-10: distribución segundo tipo de obra

	Galicia			España		
	2009	2010	10/09 (%)	2009	2010	10/09 (%)
Total edificios	2.375	2.109	-11,2	39.638	35.763	-9,8
Uso residencial	2.075	1.878	-9,5	31.576	28.407	-10,0
Servizos comerciais	72	51	-29,2	2.297	1.986	-13,5
Uso industrial	58	32	-44,8	875	752	-14,1
Outros	170	148	-12,9	4.890	4.618	-5,6
(m ²)						
Superficie a construír	1.896.045	1.299.854	-31,4	29.168.594	24.507.412	-16,0
Uso residencial	1.295.027	923.900	-28,7	19.509.085	16.391.470	-16,0
Servizos comerciais	308.685	177.559	-42,5	2.053.722	1.487.357	-27,6
Uso industrial	129.322	40.794	-68,5	1.317.852	904.962	-31,3
Outros	163.011	157.601	-3,3	6.287.935	5.723.623	-9,0
(en miles de €)						
Presuposto de execución	656.744	475.735	-27,6	12.749.421	11.007.236	-13,7
Uso residencial	487.043	365.789	-24,9	8.570.381	7.452.071	-13,0
Servizos comerciais	66.128	44.315	-33,0	685.493	520.759	-24,0
Uso industrial	32.877	8.035	-75,6	337.176	280.221	-16,9
Outros	70.696	57.596	-18,5	3.156.371	2.754.185	-12,7
Obras de ampliación						
Total edificios	246	217	-11,8	4.886	4.334	-11,3
Vivendas	179	163	-8,9	3.498	3.068	-12,3
Outros	67	54	-19,4	1.388	1.266	-8,8
(m ²)						
Superficie a construír	73.765	61.768	-16,3	1.596.065	1.296.546	-18,8
Vivendas	40.329	31.659	-21,5	516.178	459.690	-10,9
Outros	33.436	30.109	-10,0	1.079.887	836.856	-22,5
(en miles de €)						
Presuposto de execución	26.367,7	23.293,7	-11,7	695.526,2	578.232,5	-16,9
Vivendas	15.958,4	13.294,0	-16,7	239.887,2	217.744,6	-9,2
Outros	10.409,3	9.999,7	-3,9	455.639,0	360.487,9	-20,9
Obras de reforma e/ou restauración						
Total edificios	1.652	1.631	-1,3	40.758	40.448	-0,8
Vivendas	1.243	1.217	-2,1	31.789	32.597	2,5
Outros	409	414	1,2	8.969	7.851	-12,5
(en miles de €)						
Presuposto de execución	154.338,0	135.531,4	-12,2	3.167.207,7	2.737.762,7	-13,6
Vivendas	88.404,6	81.404,4	-7,9	1.425.080,8	1.331.027,1	-6,6
Outros	65.933,4	54.127,0	-17,9	1.742.126,9	1.406.735,6	-19,3

Fonte: Ministerio de Fomento

3.2.21.

Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2009-10

	Galicia		España	
	2009	2010	2009	2010
Certificados de fin de obra	4.640	3.903	85.421	64.970
Edificios	5.141	4.467	114.705	81.543
Promotor privado	5.083	4.408	111.598	78.299
Persoas físicas e Cominidades de propietarios	3.140	2.823	57.296	45.040
Sociedades mercantis	1.858	1.509	50.661	30.248
Cooperativas	22	12	1.118	928
Outros	63	64	2.523	2.083
Administracións públicas	58	59	3.107	3.244
Vivendas	25.865	20.130	387.075	257.443
Promotor privado	25.801	19.904	380.603	251.767
Persoas físicas e Cominidades de propietarios	3.925	3.346	56.985	44.225
Sociedades mercantis	21.164	15.603	308.576	192.742
Cooperativas	586	483	9.728	9.288
Outros	126	472	5.314	5.312
Administracións públicas	64	226	6.472	5.676
Valor de liquidación da execución material das obras (en millóns de €)	1.664,2	1.288,3	32.807,1	23.585,0

Fonte: Ministerio de Fomento

3.2.22.

ción descendeu ata os 217 (29 menos que en 2009), dos que 163 visados corresponderon a vivendas. A superficie total a construír situouse en 61.768 metros cadrados, un 16,3% inferior á do ano anterior, e o presuposto de execución en 23,3 millóns de euros, un 11,7% por baixo do presupostado no exercicio anterior.

No concernente aos visados de obras de reformas e/ou restauración, o seu número mantívose cercano ao do ano anterior, con 1.631 visados concedidos (21 menos que en 2009), descendendo o seu presuposto de execución ata os 135,5 millóns de euros (un 12,2% menos que no ano anterior).

O número total de certificacións de fin de obra en Galicia situouse no último ano nas 3.903 (737 certificacións menos que en 2009), o que representa o 6% das certificacións no conxunto do Estado. Ao longo do ano 2010 o número de edificios a construír cae un 13,1% e o de vivendas faino nun 22,2%. O **cadro 3.2.22.** indica que o número total de edificios con certificados de fin de obra foi de 4.467, dos que 4.408 corresponden a promotores privados e 59 a administracións públicas. O número de vivendas certificadas acadou as 20.130, das que

19.904 corresponden a promotores privados e 226, a promotores públicos (64 no ano anterior).

Unha vez analizados os aspectos da oferta de vivenda en Galicia, centrémonos a continuación nos principais indicadores da súa demanda.

Os indicadores da demanda de vivenda en Galicia reflicten que o impacto da crise económica neste sector foi menor que no conxunto do Estado. Mentres que en España o número de hipotecas constituídas descendeu un 7% en relación ao ano 2009, a redución na comunidade autónoma galega é do 2,4%, constituíndose un total de 32.396 hipotecas urbanas, o 5,4% do total estatal. Os datos reflectidos no **cadro 3.2.23.** amosan que Lugo e Ourense presentan unha medra do número de hipotecas (8,5% e 29,7% máis respecto ao ano anterior), reducíndose un 7,3% na provincia de Pontevedra e un 6% en A Coruña

O importe medio da hipoteca en Galicia descendeu no último ano ata os 104.953 euros, o que supuxo unha redución do 2,8% en relación ao ano anterior. Esta caída é dous puntos porcentuais superior á rexistrada

Hipotecas de viviendas urbanas en Galicia e España 2009-10 ⁽¹⁾

	hipotecas constituidas			importe medio		
	2009	2010	10/09	2009	2010	10/09
	(en €)					
Galicia	33.197	32.396	-2,4	107.982	104.953	-2,8
A Coruña	14.642	13.765	-6,0	107.972	106.427	-1,4
Lugo	3.941	4.277	8,5	92.833	84.065	-9,4
Ourense	2.183	2.831	29,7	98.543	96.500	-2,1
Pontevedra	12.431	11.523	-7,3	114.456	113.020	-1,3
España	650.889	605.172	-7,0	117.803	116.860	-0,8
Galicia / España (%)	5,1	5,4		91,66	89,81	

(1) datos 2010 son provisionais
 Fonte: INE

■ 3.2.23.

Compravenda de viviendas nas CC.AA. 2009-10

	2009	2010	10/09
	(%)		
Andalucía	86.640	83.195	-4,0
Aragón	12.265	12.954	5,6
Asturias	8.816	9.807	11,2
Baleares	8.186	9.784	19,5
Canarias	18.352	17.114	-6,7
Cantabria	7.955	8.124	2,1
Castela e León	22.740	24.990	9,9
Castela - A Mancha	21.053	20.481	-2,7
Cataluña	45.686	55.857	22,3
C. Valenciana	53.187	57.220	7,6
Extremadura	11.168	10.125	-9,3
Galicia	21.292	22.570	6,0
Madrid	51.724	60.678	17,3
Murcia	18.136	16.338	-9,9
Navarra	5.033	5.861	16,5
País Vasco	15.316	19.216	25,5
A Rioxa	4.931	3.914	-20,6
Ceuta e Melilla	913	1.363	49,3
Total	413.393	439.591	6,3

Fonte: INE

■ 3.2.24.

no conxunto do Estado, onde o importe medio se sitúa nos 116.860 euros. Os datos do INE reflicten que a maior redución no importe medio das hipotecas produciuse na provincia de Lugo, cun 9,4% menos, moi por encima das provincias de Ourense (2,1% menos), A Coruña (1,4% menos) e Pontevedra (1,2% menos). O importe medio máis baixo de Galicia corresponde á provincia de Lugo (84.065 euros) e o máis elevado á provincia de A Coruña (106.427 euros).

A Estadística Registral Inmobiliaria indica un incre-

mento da compravenda de viviendas rexistradas en Galicia, este incremento é común ao resto das comunidades autónomas, salvo Andalucía, Canarias, Castela - A Mancha, Extremadura, Murcia e A Rioxa. En 2010 realizáronse en Galicia un total de 22.570 transaccións de compravendas, o que supón un incremento do 6% (6,3% de incremento medio en España). Este indicador mostra o inicio do axuste da demanda á oferta, así no último ano o número de compravendas superou ao número de viviendas terminadas en Galicia nun 18,2% (59,5% no conxunto do Estado) (cadro 3.2.24.).

En 2010 rexístrase unha caída do 3,7% do índice xeral de prezos da vivenda no conxunto do Estado, fronte ao incremento do 0,4% do citado índice na comunidade galega. Neste último ano, mentres que o prezo medio da vivenda libre aumentou un 0,3% en relación a 2009, acadando os 1.456,6 euros por metro cadrado (descenso do 3,8% en España), no caso da vivenda protexida o incremento do prezo se dá tamén en Galicia (1,2% máis) aínda que de xeito máis reducido que no conxunto do Estado (3,1% máis)

Servizos

O sector terciario presenta en Galicia unha lixeira melloría do seu valor engadido bruto xerado, cun incremento do 0,6%. Este incremento prodúcese por mor do comportamento do conxunto de actividades de servizos de mercado, que experimenta un crecemento do 0,7% (redución do -1,4% en 2009), xa que as actividades de servizos non de mercado medran un 0,6%, fronte a taxa de variación interanual do 4,4% no ano 2009.

O valor total da produción do sector servizos galego en 2010, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), ascendeu a 35.471,3 millóns de euros, o que representa o 5,1% do total do valor engadido polo sector servizos a nivel estatal. Os datos da Contabilidade regional de España (fonte INE) indican que Galicia se sitúa como a sétima comunidade con maior peso relativo no conxunto do Estado, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, a C. Valencia, País Vasco e Castela e León.

O subsector dos servizos de mercado produciu en Galicia un total de 26.481,5 millóns de euros (o 4,91% da produción española) e o subsector de servizos non comerciais, 8.989,8 millóns de euros, o 5,7% do total estatal.

A importancia relativa da produción das actividades englobadas dentro do sector servizos no VEB xerado pola economía galega é do 67,2%, catro puntos e medio inferior á media estatal. Se se considera a desagregación entre os subsectores de servizos non comerciais e de

mercado, cómpre salientar que mentres que o primeiro ten un peso superior no VEB galego que no caso da media española (17,1% e 16,3%, respectivamente), o subsector dos servizos de mercado ten maior importancia relativa na economía española que na galega (55,4% e 50,2%, respectivamente).

No que atinxe ao emprego, o número total de persoas ocupadas nas distintas ramas de actividade englobadas no sector servizos diminuíu no último ano en 12.900 persoas (un 1,7% menos respecto ao ano precedente), situándose nas 737.175 persoas. O sector acolle o 67% dos traballadores ocupados en Galicia, 4,3 puntos menos que no ano anterior, e o 5,5% do total de persoas ocupadas no sector servizos no conxunto do Estado.

Máis de 21 de cada 100 persoas ocupadas neste sector o están nas ramas de actividades de “Comercio por xunto e polo miúdo” (156.750 traballadores). Séguenlle en importancia os subsectores de Sanidade e Administración pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria, co 10,7% (78.925 ocupados) e 10,3% (75.825 ocupados), respectivamente; Hostalería, co 9,35% (68.950 persoas), e Educación co 9,35% (68.775 persoas). En conxunto, estas ramas acollen o 61% dos ocupados no sector.

• Comercio

O índice de confianza empresarial elaborado polo IGE reflicte un incremento no pesimismo no ano 2010, rematando o mesmo cun valor negativo do 26,5, uns doce puntos menos do rexistrado no primeiro trimestre do ano (-14,2); a pesar do incremento nun 2% do índice de vendas do comercio polo miúdo, por encima do incremento deste índice a nivel estatal que se situou no 0,7%.

O índice medio de ocupación diminuíu un 0,7% (diminuíu un 1,9% no 2009). No conxunto do Estado o índice de ocupación do comercio polo miúdo diminúe nun 1,3%.

• Turismo

O predominio do turismo nacional e o elevado grao de estacionalidade continúan estando entre as principais

Comercio interior nas CC.AA. 2009-10: índice de vendas polo miúdo

	2009	2010	10/09
			(%)
Andalucía	99,6	97,6	-2,0
Aragón	103,9	103,4	-0,5
Asturias	108,2	108,4	0,2
Baleares	96,3	94,5	-1,8
Canarias	97,5	95,8	-1,8
Cantabria	106,9	109,2	2,2
Castela e León	105,5	109,0	3,3
Castela - A Mancha	103,5	104,0	0,5
Cataluña	100,7	103,5	2,8
C. Valenciana	96,6	96,8	0,2
Extremadura	109,4	111,0	1,5
Galicia	105,8	107,9	2,0
Madrid	100,4	102,5	2,1
Murcia	101,1	100,8	-0,2
Navarra	106,4	107,3	0,8
País Vasco	104,4	103,7	-0,7
A Ríoxa	99,6	99,5	-0,1
Ceuta	109,8	107,4	-2,2
Melilla	110,3	112,0	1,6
Total	101,1	101,8	0,7

Fonte: INE

■ 3.2.25.

Oferta turística 2009-10: distribución segundo tipo de establecemento

	2009			2010		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
Aloxamentos turísticos						
Hoteis	839	28.760	52.154	855	29.450	53.393
Pensións	1.094	11.639	21.213	1.117	11.477	21.313
Turismo rural	587	-	7.069	587	3.617	7.118
Apartamentos	114	1.126	4.108	122	1.208	4.349
Campamentos de turismo	115	-	34.989	115	-	35.020
Paradores						
Balnearios						
Albergues turísticos	46	-	-	66	-	-
	2009		prazas	2010		prazas
	número			número		
Restauración, intermediación turística, turismo activo e profesións turísticas						
Axencias de viaxes	531	-	-	537	-	-
Restaurantes	5.195	340.983		5.222	343.276	
Cafeterías	1.511	95.279		1.531	96.605	
Guías de turismo	155	-	-	215	-	-

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

■ 3.2.26.

características do sector en Galicia. Dunha banda, oitenta de cada cen viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos en 2010 son residentes en España (56,4 de cada 100 no conxunto do Estado). Doutra, o grao de ocupación hoteleira por praza no mes de agosto en Galicia é do 59,9%, trinta e sete puntos por riba do rexistrado en decembro. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 70,4% en agosto e o 37,5% no mes de decembro.

O sector turístico galego no ano 2010 comeza unha leve recuperación, cun incremento no grao de ocupación hoteleira por praza, que se sitúa no 35,4% (un 51,2% de media en España). Na fin de semana, este índice sitúase no 40,3%, sendo a media no estado español do 56,5%.

Tanto en Galicia como en España os graos de ocupación máximo e mínimo rexistráronse nos meses de agosto (59,9% e 70,4%, respectivamente) e xaneiro (17,9% e 34,4%, respectivamente). O diferencial entre os valores máximos e mínimos experimenta un incremento en Galicia e en España, acadando unha diferenza de 42 e 36 puntos respectivamente.

O número de viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos rexistrou no último ano un incremento do 11,7%, cando no ano 2009 a comunidade autónoma reducira nun 3,6% o número de viaxeiros rexistrados.

O número de viaxeiros en 2010 foi de 3.798.645 (399.187 persoas máis), o que representa o 4,6% dos viaxeiros no conxunto do Estado. O **cadro 3.2.28.** amosa como unha das características do turismo galego o elevado peso relativo dos viaxeiros residentes en España, xa que 80 de cada cen viaxeiros son residentes en España, fronte aos 56,4 de cada cen no conxunto do Estado.

En relación ao ano anterior, o incremento no número de viaxeiros, en parte motivado polo efecto positivo do Ano Xacobeo, rexistrouse nas catro provincias galegas. A Coruña, con 224.502 viaxeiros máis que o ano anterior, Lugo, con 78.111 viaxeiros máis; e Ourense e Pontevedra, con 8.993 e 87.581 viaxeiros máis, respectiva-

mente. A Coruña é a provincia onde o incremento do número de viaxeiros é máis importante.

Ao longo do ano 2010, as pernoitas experimentaron así mesmo, unha medra do 10,1% respecto aos datos do ano precedente, acadando unha cifra de 8,2 millóns. Este incremento é máis acusando que no conxunto do Estado onde as pernoitas crecen un 3,3%.

A estadia media nos establecementos hoteleiros galegos permaneceu practicamente constante nos 2,2 días (no conxunto do Estado situouse nos 3,3 días). En Galicia, a estadia media dos viaxeiros residentes en España aumenta lixeiramente, situándose nos 2,4 días, en tanto que se mantén nos 1,9 días a correspondente aos turistas estranxeiros. A media española foi de 2,4 días no caso dos viaxeiros residentes en España e de 4,3 días no caso dos estranxeiros.

De xeito contrario ao acontecido no conxunto do Estado, Galicia presenta un incremento tanto dos prezos hoteleiros como dos ingresos por habitación ao longo do exercicio 2010. Os prezos creceron en Galicia a unha taxa media de variación interanual do 1,4% (no caso do Estado o descenso foi do 2,2%), en tanto que os ingresos por habitación creceron nun 10,1% en Galicia (mentres que o incremento no Estado foi do 4,1%).

No concernente aos indicadores de demanda dos establecementos de turismo rural, o **cadro 3.2.29.** reflicte que ao longo do ano 2010, a igual que ocorre no caso dos establecementos hoteleiros, medra o número de viaxeiros aloxados. Neste ano, tras un incremento do 9,1%, o número de viaxeiros acadou as 193.119 persoas, sendo o número de pernoitas de 388.843, un 5,3% superior ao rexistrado no ano anterior. Tendo en conta que en España tanto o número de viaxeiros como o de pernoitas diminuíu nun 1,8% e 3,1%, respectivamente, a importancia relativa do turismo rural galego sobre o total estatal ascende ata o 7,2% no caso dos viaxeiros (6,5% no ano anterior) e ata o 5,1% no das pernoitas (4,7% no ano anterior).

O grao de ocupación por praza en establecementos de

Grao de ocupación e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2005-10

	Galicia			
	Grao de ocupación por praza			Estadia media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2005	34,7	65,4	20,2	2,15
2006	35,6	63,2	22,4	2,16
2007	35,9	62,3	22,7	2,15
2008	34,0	56,6	21,9	2,21
2009	32,4	56,2	19,4	2,19
2010	35,3	59,9	17,9	2,15

	España			
	Grao de ocupación por praza			Estadia media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2005	52,5	73,9	39,4	3,48
2006	54,7	74,4	40,9	3,26
2007	54,5	74,2	40,3	3,22
2008	52,0	71,9	36,4	3,24
2009	49,3	67,6	34,9	3,25
2010	51,0	70,1	34,4	3,26

Fonte: INE

■ 3.2.27.

Viaxeiros, pernoitas e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2009-10

2009

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.399.458	2.757.186	642.272	7.444.455	6.230.572	1.213.883	2,19
A Coruña	1.520.989	1.172.159	348.830	3.235.982	2.584.839	651.143	2,13
Lugo	512.741	417.537	95.204	839.562	710.445	129.117	1,64
Ourense	285.899	263.314	22.585	560.042	511.141	48.901	1,96
Pontevedra	1.079.829	904.176	175.653	2.808.869	2.424.147	384.722	2,60
España	77.140.317	45.138.082	32.002.235	250.984.811	109.756.873	141.227.938	3,25

2010

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.798.994	3.064.190	734.805	8.174.139	6.807.965	1.366.175	2,16
A Coruña	1.742.818	1.337.188	405.630	3.556.640	2.792.782	763.859	2,05
Lugo	595.157	481.442	113.715	954.020	806.962	147.059	1,60
Ourense	294.055	267.841	26.214	550.677	498.657	52.020	1,87
Pontevedra	1.166.965	977.718	189.247	3.112.801	2.709.564	403.237	2,67
España	81.888.872	46.233.331	35.655.541	267.163.482	113.236.290	153.927.192	3,26

Fonte: INE

■ 3.2.28.

Viaxeiros, pernoitas, grao de ocupación e estadía media en establecementos de turismo rural en Galicia e España 2009-10

	2009		2010	
	Galicia	España	Galicia	España
Viaxeiros	176.943	2.714.265	193.443	2.647.372
residentes en España	158.070	2.448.873	170.228	2.360.606
residentes no estranx.	18.873	265.392	23.155	286.766
Pernoitas	369.209	7.920.437	389.356	7.615.987
residentes en España	336.206	6.662.792	343.873	6.342.611
residentes no estranx.	33.003	1.257.645	45.482	1.273.376
Grao de ocupación por praza (%)				
media	15,3	17,0	15,8	15,7
fin de semana	25,4	28,5	24,2	26,8
Estadía media (en días)	2,09	2,92	2,01	2,88

Fonte: INE

■ 3.2.29.

turismo rural situouse en 2010 en Galicia no 15,8%, sendo esta porcentaxe oito puntos superior na fin de semana (24,2% de media na fin de semana). No caso de España o grao de ocupación media por praza é igual, situándose no 15,7%, mentres que na fin de semana este dato ascende ao 26,8%. A estadía media nos establecementos galegos situouse en 2,01 días, nove décimas por baixo da media estatal.

Atendendo á procedencia dos viaxeiros nos establecementos de turismo rural, cómpre salientar que case noventa de cada cen persoas que se aloxaron nestes establecementos en 2010 son residentes en España. O 47,8% dos turistas aloxados son galegos e o 21% proceden da Comunidade de Madrid.

• Transporte

A modo de síntese, como reflicte o **cadro 3.2.30.**, a estrada é a vía de comunicación máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como no de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo no caso das mercadorías. En canto aos pasaxeiros, a vía de comunicación máis importante, despois da estrada é a vía aérea.

A venda total de combustibles líquidos diminuíu en

Galicia o longo do ano 2010 un 1,6% respecto ao ano anterior, acadando un total de 3.312,9 miles de toneladas. Esta diminución ven motivada fundamentalmente pola evolución dos fuel óleos e gasolinas, cuxas vendas caen un 2,8% e un 6,1% respecto ás do ano anterior. As vendas de gasóleos volven a descender no último ano nun 0,6%, algo menos do que o fixeran en 2009 cando diminuíran as súas vendas nun 3,3%.

O volume de mercadorías transportadas por estrada en Galicia experimentou un lixeiro crecemento, fronte ao descenso do 7,3% do conxunto do Estado. Ao longo do 2010, tras un aumento do 1%, o número de toneladas transportadas en Galicia ascendeu a 93.520 miles de toneladas (o 8,2% do total estatal). O **cadro 3.2.33.** amosa un novo incremento do peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego, que ascendeu ata o 25,8% (tres décimas máis que en 2009), sendo en España esa porcentaxe do 27,2%.

A diferenza do acontecido no ano anterior, onde se produciu un aumento de case o 40% do volume total de mercadorías transportadas por ferrocarril, neste ano 2010 experimentouse unha redución do 36% de mercadorías transportadas por ferrocarril. Esta caída ven provocada fundamentalmente pola provincia de A Coruña,

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2009-10

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2009	2010	10/09	2009	2010	10/09
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	92.626	93.520	1,0	61.175	60.763	-0,7
Ferrocarril (2)	2.006,8	1.283,6	-36,0	354,5	368,9	4,1
Marítimo (3)	30.756,9	30.041,0	-2,3	280,4	288,4	2,9
Marítimo (4)	1.104,1	1.826,4	65,4			
Aéreo (5)	3.025,1	3.110,4	2,8	4.114,0	4.367,6	6,2

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; o datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia.

(5) non se inclúen Outras Clases de Tráfico (OTC)

Fonte: INE, Puertos del Estado, Renfe Operadora, AENA e Portos de Galicia

■ 3.2.30.

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías (1) en Galicia e España 2009-10

	2009			2010			10/09		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia convencional	Longa distancia		Media distancia convencional	Longa distancia		Media distancia convencional	Longa distancia	
							(%)		
Galicia	2.948.977	354.518	2.006.779	3.128.221	368.875	1.283.604	6,1	4,0	-36,0
A Coruña	1.461.471	127.383	1.376.933	1.639.862	142.357	700.598	12,2	11,8	-49,1
Lugo	42.973	45.876	35.107	37.486	44.344	49.599	-12,8	-3,3	41,3
Ourense	182.211	92.497	97.336	166.928	96.640	98.242	-8,4	4,5	0,9
Pontevedra	1.262.322	88.762	497.402	1.283.945	85.534	435.166	1,7	-3,6	-12,5
España	32.262.760	23.168.608	16.562.768	31.513.828	22.291.093	16.064.150	-2,3	-3,8	-3,0

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe, en tm.

Fonte: Renfe Operadora

■ 3.2.31.

que con 700.598 toneladas métricas en 2010 experimentou unha caída do 49,1%, en boa parte ligada ao problema do transporte de carbón. Tan só esta provincia acolle case o 54,6% das mercadorías totais de Galicia transportadas por ferrocarril. Tamén a provincia de Pontevedra experimentou unha redución do 12,5%. Sen embargo as provincias de Lugo e Ourense incrementaron o volume de mercadorías transportadas por ferrocarril nun 0,9% e un 41,3%, respectivamente (cadro 3.2.31.). Galicia acolle o 8% do total estatal de mercadorías transportadas por ferrocarril (12,1% no ano 2009).

A evolución contraria obsérvase no caso de viaxeiros con orixe nas estacións galegas, cun incremento do seu número de case douscentos mil viaxeiros (5,9% máis que no ano anterior). Esta tendencia preséntase en tódalas provincias galegas agás Ourense e Lugo, onde o número de viaxeiros redúcese.

Tan só a provincia de A Coruña acolle o 38,6% dos viaxeiros transportados en ferrocarril, seguida de Ourense (26,2%), Pontevedra (23,2%) e Lugo (12%). Se comparamos o total de viaxeiros de longa distancia transportados en ferrocarril de Galicia durante o 2010, que ascen-

Transporte urbano nas CC.AA. 2009-10: viaxeiros transportados en autobús

	2009	2010	10/09
	(en miles de persoas)		(%)
Total	1.758.643	1.739.415	-1,1
Andalucía	237.067	232.969	-1,7
Aragón	125.518	123.695	-1,5
Asturias	40.925	40.127	-1,9
Canarias	53.564	53.413	-0,3
Castela e León	74.783	74.218	-0,8
Castela - A Mancha	24.286	24.212	-0,3
Cataluña	302.582	291.936	-3,5
C. Valenciana	135.128	130.420	-3,5
Extremadura	12.367	11.990	-3,0
Galicia	61.175	60.763	-0,7
Madrid	481.649	480.980	-0,1
Murcia	17.157	17.260	0,6
País Vasco	74.399	78.378	5,3
Outras	118.043	119.054	0,9

Fonte: INE

■ 3.2.32.

Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2009-10: mercadorías cargadas e descargadas

	2009		2010		10/09
	(en miles de tm.)	(% interrexional)	(en miles de tm.)	(% interrexional)	(%)
Andalucía	192.616	23,6	172.149	26,7	-10,6
Aragón	72.805	57,3	77.553	57,9	6,5
Asturias	48.786	37,3	43.707	40,4	-10,4
Baleares	15.090	-	12.579	-	-16,6
Canarias	30.046	-	27.055	-	-10,0
Cantabria	29.544	52,0	30.566	51,1	3,5
Castela-A Mancha	124.329	54,7	104.470	62,8	-16,0
Castela e León	143.530	42,9	131.108	45,9	-8,7
Cataluña	240.616	27,0	222.580	29,1	-7,5
C. Valenciana	177.177	40,1	169.386	42,1	-4,4
Extremadura	34.529	39,0	29.867	50,3	-13,5
Galicia	92.626	25,5	93.520	25,8	1,0
Madrid	125.101	58,7	121.038	59,8	-3,2
Murcia	50.231	55,2	48.008	62,4	-4,4
Navarra	38.695	58,1	47.448	54,6	22,6
País Vasco	96.477	49,4	91.400	52,6	-5,3
A Ríoxa	16.640	77,4	20.819	64,5	25,1
Total	1.224.159	24,9	1.135.050	27,2	-7,3

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.33.

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2009-10

	Liña regular			Cruceiros		
	2009	2010	10/09 (%)	2009	2010	10/09 (%)
Total	937.602	1.041.849	11,1	280.366	288.785	3,0
A Coruña	6.408	7.138	11,4	53.574	70.695	32,0
Ferrol-San Cibrao	2.297	-	-	2.441	640	-73,8
Marín	-	191.764	-	-	-	-
Vigo	928.871	842.278	-9,3	220.802	213.077	-3,5
Vilagarcía	26	669	2473,1	3.549	4.373	23,2
Total Portos do Estado	25.328.097	26.354.241		6.063.444	7.132.405	
Galicia / España (%)	3,7	4,0		4,6	4,0	

Fonte: Autoridades Portuarias

■ 3.2.34.

deu a 369.000 viaxeiros, co total estatal, pódese observar como Galicia acolle tan só o 1,6% dos viaxeiros.

No concernente ao transporte marítimo, o tráfico de pasaxeiros nos portos galegos de interese xeral aumentou ao longo do 2010. Este aumento prodúcese de maneira significativa no porto de Vilagarcía, tanto de pasaxeiros de liña regular como de cruceiristas. A redución de case 100.000 pasaxeiros nos portos de Vigo e Ferrol-San Cibrao vese compensada polo incremento de máis de 190.000 pasaxeiros de liña regular no porto de Marín.

Ademais disto, o ano 2010 presentou unha caída do tráfico portuario de mercadorías. Os portos de interese xeral moveron un total de 30.041 miles de toneladas (o 7% do total estatal), sendo o de A Coruña o de maior movemento, ao acoller o 40,8% do tráfico total de mercadorías (12.265,3 miles de toneladas), seguido do porto de Ferrol-San Cibrao, cun 35,6% (10.709,2 miles de toneladas) do total de mercadorías transportadas en Galicia nos portos de interese xeral.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás os de Ferrol-San Cibrao e Vilagarcía, rexistran incrementos no movemento de mercadorías, salientando o de Vigo, cun incremento de 412.733 toneladas (10,5%) ou o porto de Marín cun incremento do 17,5% do total, o que supón 292.349 toneladas máis de mercadorías transportadas no ano 2010. Por outra banda, os portos de Ferrol-San Cibrao e Vilagarcía

reducen de xeito importante o volume de mercadorías transportadas (nun 12,6% e nun 23,7%, respectivamente), o que supón, en termos absolutos, máis dun millón e medio de toneladas menos no caso de Ferrol-San Cibrao e 229 miles de toneladas menos no porto de Vilagarcía.

O movemento de mercadorías máis importante, en termos absolutos, corresponde aos graneis sólidos, con 12.455 miles de toneladas, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 59,7% (7.435 miles de toneladas) e o porto de A Coruña un 25,6% (3.191 miles de toneladas). Séguelle en importancia o volume do movemento de graneis líquidos, con 10.486 miles de toneladas, das que o 72,3% (7.586 miles de toneladas) corresponden ao porto de A Coruña.

Asemade, hai que salientar a elevada importancia relativa do tráfico de pesca fresca. Malia redución experimentada nos portos galegos, estes moven o 57,5% do tráfico portuario de pesca fresca no ano 2010 do total dos portos do Estado, sendo o porto de Vigo o máis importante ao acoller o 65,8% do total de Galicia (88.337 toneladas) e o 37,8% do total dos portos de interese xeral de España.

Nos portos xestionados por Portos de Galicia, o tráfico total de mercadorías cargadas e descargadas no último ano aumentou un 65,4% para situarse nas 1.826,4 miles de toneladas. O porto de Cariño segue sendo o que presenta o maior movemento de mercadorías, con

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2009-10

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2009	2010	2009	2010	2009	2010
			(en tm.)			
Total	9.518.324	10.486.237	14.233.021	12.455.489	6.104.161	6.259.582
A Coruña	6.820.947	7.585.947	3.215.589	3.191.581	1.460.257	1.098.528
Ferrol-San Cibrao	2.401.948	2.616.814	9.268.088	7.435.083	562.554	628.706
Marín	-	-	879.867	960.542	762.045	978.055
Vigo	71.162	94.820	381.302	459.139	3.073.507	3.423.381
Vilagarcía	224.267	188.656	488.175	409.144	245.798	130.912
Total Portos do Estado	143.529.909	149.023.403	79.133.203	78.742.356	176.579.802	190.324.068
Galicia / España (%)	6,6	7,0	18,0	15,8	3,5	3,3

	Pesca fresca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2009	2010	2009	2010	2009	2010
			(en tm.)			
Total	135.008	134.237	766.342	705.502	30.756.856	30.041.047
A Coruña	43.108	43.153	377.511	345.730	11.986.962	12.265.299
Ferrol-San Cibrao	206	306	19.077	28.286	12.251.873	10.709.195
Marín	2.718	2.441	38.896	37.853	1.683.542	1.978.891
Vigo	88.976	88.337	323.837	285.838	3.938.782	4.351.515
Vilagarcía	-	-	7.021	7.795	965.261	736.507
Total Portos do Estado	246.490	233.612	13.554.413	13.004.036	413.043.817	431.327.435
Galicia / España (%)	54,8	57,5	5,7	5,4	7,4	7,0

Fonte: Autoridades Portuarias

3.2.35.

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2009-10

	2009		2010		10/09
	(en tm.)	(%)	(en tm.)	(%)	(%)
A Pobra	118.342	10,7	106.075	5,8	-10,4
Burela	106.859	9,7	106.984	5,9	0,1
Cariño	381.664	34,6	507.171	27,8	32,9
Cee	33.653	3,0	423.555	23,2	1158,6
Celeiro	85.633	7,8	181.755	10,0	112,2
Laxe	44.424	4,0	34.598	1,9	-22,1
Pontecesures	2.280	0,2	1.655	0,1	-27,4
Ribadeo	283.575	25,7	418.058	22,9	47,4
Ribeira	45.020	4,1	44.912	2,5	-0,2
Sada-Fontán	2.657	0,2	-	-	
Bueu	-		402	0,0	
Moaña	-		1.170	0,1	
Canido	-		56	0,0	
Total	1.104.107	100,0	1.826.391	100,0	65,4

Fonte: Portos de Galicia

3.2.36.

Tráfico comercial aéreo 2009-10 ⁽¹⁾

Operacións			
	2009	2010	10/09
Aeropertos galegos	52.100	53.562	2,8
A Coruña	16.236	17.378	7,0
Santiago	20.166	21.247	5,4
Vigo	15.698	14.937	-4,8
Total España	2.168.580	2.116.512	-2,4
Galicia / España (%)	2,4	2,5	
Pasaxeiros			
	2009	2010	10/09
Aeropertos galegos	4.113.976	4.367.648	6,2
A Coruña	1.066.623	1.101.208	3,2
Santiago	1.944.068	2.172.869	11,8
Vigo	1.103.285	1.093.571	-0,9
Total España	187.631.102	192.787.860	2,7
Galicia / España (%)	2,2	2,3	
Mercadorías			
	2009	2010	10/09
	(en Kg.)		(%)
Aeropertos galegos	3.025.053	3.110.360	2,8
A Coruña	239.692	244.819	2,1
Santiago	1.988.641	1.964.349	-1,2
Vigo	796.720	901.192	13,1
Total España	564.783.382	652.146.212	15,5
Galicia / España (%)	0,5	0,5	

(1) non se inclúen Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)
 Fonte: AENA

■ 3.2.37.

507 miles de toneladas (un 32,9% máis que en 2009), seguido do porto de Cee, que tras un forte aumento acada os 423 miles de toneladas. Entre ámbolos dous portos acollen máis do 51% do volume total de mercadorías.

Neste ano 2010 os únicos portos que presentan unha merma do tráfico de mercadorías cargadas e descargadas, son A Pobra (10,4% menos que no ano anterior), o porto de Laxe (22,1% menos), Pontecesures (27,4% menos) e Ribeira (0,2% menos que en 2009) (cadro 3.2.36.).

No que atinxe ao transporte aéreo, o ano 2010 mostra resultados positivos para o conxunto do sistema aeroportuario galego, tanto no que respecta ao número de operacións como de pasaxeiros e mercadorías. O aero-

porto de A Coruña incrementa, ao longo do ano 2010, o número de operacións, pasaxeiros e mercadorías, o aeroporto de Santiago incrementa o número de operacións e pasaxeiros, mestres que no aeroporto de Peinador aumenta o volume de mercadorías transportadas, pero diminúe o número de operacións e pasaxeiros.

Os aeroportos de Santiago de Compostela e A Coruña incrementan o número de pasaxeiros en relación ao ano 2009, nun 11,8% e nun 3,2% respectivamente. O número de aeronaves nos aeroportos galegos incrementouse un 2,8% respecto ao ano precedente como resultado dun incremento dun 7% en A Coruña, e do 5,4%, en Santiago, e da caída do 4,8% no número de operacións no aeroporto de Vigo.

Ao longo do ano 2010, o número total de operacións foi

de 53.562, das que o 39,7% se realizan no aeroporto de Santiago (21.247 aeronaves), fronte ao 32,4% en A Coruña (17.378 aeronaves) e ao 27,9% en Vigo (14.937 aeronaves). Comparando co total do Estado, Galicia acolle o 2,5% do total de operacións.

O número de pasaxeiros nos aeroportos galegos incrementouse ata os 4.367.648 persoas, un 6,2% superior ao rexistrado en 2009. Tanto en termos absolutos como relativos, o incremento máis importante rexistrouse no aeroporto de Santiago, con 228.801 pasaxeiros máis que no ano anterior (11,8%). Santiago segue sendo quen acolle ao maior número de viaxeiros, con 2.172.869 pasaxeiros (o 49,8% do total de Galicia), seguido do aeroporto de A Coruña, con 1.101.208 persoas (25,2%) e finalmente o aeroporto de Vigo que, tras un descenso do 0,9% no número de pasaxeiros no ano 2010, acada 1.093.571 de viaxeiros (25% do total galego).

En relación ao tráfico de mercadorías, o aeroporto de Santiago é o único dos tres galegos que reduce o volume de mercadorías transportadas nun 1,2%, o que non impide que continúe sendo o aeroporto galego onde se mobiliza máis do 63% das mercadorías así transportadas en Galicia (1.964,3 toneladas). O aeroporto de Vigo incrementa nun 13,1% o volume de mercadorías transportadas, acadando o 29% do total (901,2 toneladas), e finalmente o aeroporto de A Coruña, tras un incremento do 2,1%, transporta o 7,9% do total galego (244,8 toneladas). ■

3.3. SECTOR EXTERIOR

Unha vez analizado o contido e estrutura do tecido empresarial galego, o obxectivo deste apartado é coñecer a actividade comercial no exterior das empresas galegas. Previo a análise pormenorizada do sector exterior galego, expónse, a grandes rasgos, o contexto nacional e internacional.


O comercio mundial de bens e servizos no ano 2010 rexistrou o maior crecemento das últimas décadas, cifrado polo FMI nun 12,4%, fronte á caída do 10,9% rexistrada no ano anterior. O grupo das chamadas economías avanzadas, Estados Unidos, países da zona euro, Xapón, Reino Unido e Canada, fundamentalmente, acollen ao 15% da poboación mundial e aportan ao PIB agregado mundial o 52,3%; así mesmo, o 63,7% das exportacións de bens e servizos mundiais son realizadas pola economías avanzadas dentro das que o 40,9% teñen a súa orixe na zona euro.

No ano 2010, as exportacións en volume creceron máis nas economías emerxentes e en desenvolvemento que nas economías avanzadas, neste senso as economías emerxentes e en desenvolvemento, co 85% da poboación mundial, aportan o 36,3% das exportacións de bens e servizos mundiais, dentro deste grupo cabe destacar a China, co 26% das exportacións totais deste grupo e o 9,4% das exportacións de bens e servizos mundiais.

Na UE, segundo datos do Eurostat, as exportacións de mercancías ao resto do mundo creceron un 22,9% e as importacións un 23,8%, partindo de forte caídas no ano 2009. En termos absolutos increméntase o saldo negativo da UE a consecuencia, fundamentalmente, do seu forte déficit enerxético.


Por Estados membros, e considerando o comercio interno e externo á UE, Alemaña é o país que presenta un maior saldo positivo na súa balanza comercial, acadando no ano 2010 un saldo positivo de máis de 150 mil millóns de euros, seguida por Holanda; no extremo contrario está o Reino Unido co maior déficit comercial da UE-27 con máis de 110 mil millóns de déficit, seguido de Francia (64 mil millóns de euros de déficit) e de España.

O sector exterior é, por terceiro ano consecutivo no 2010, o principal motor de crecemento da economía española, polo lado da demanda. Segundo datos do Banco de España, a Balanza de Pagos española no ano 2010, reduce nun 17,5% o seu déficit, a consecuencia, por unha banda, da redución do déficit da Balanza por Conta Corrente, favorecido pola notoria diminución dos saldos negativos das balanzas de rendas e de transferencias e polo incremento do saldo positivo da balanza de servizos, todo, a pesar do incremento no saldo negativo da balanza de bens; por outra banda, a Balanza por conta de Capital mellora sig-



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), base 2005; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (25-03-2011)
Fonte: IGE

G 3.3.1.



G 3.3.2.

nificativamente, en máis de dous mil millóns de euros, o seu saldo positivo; o que reduce a necesidade de financiamento no exterior da economía española, nun contexto europeo de crise financeira.

O sector exterior galego, ao igual que acontece no conxunto do Estado español, ten unha forte contribución

positiva ao crecemento agregado, como consecuencia do maior incremento das exportacións (6,4% máis que no ano 2009) que das importacións (3,5% máis).

En termos absolutos, as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 29.030,2 millóns de euros e as importacións

Importacións e exportacións 2009-10 ⁽¹⁾: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2009	2010	2009	2010	2009	2010	2009	2010
			(en miles de €)				(%)	
Total (2)	32.857.040	34.017.468	27.271.492	29.030.187	-5.585.548	-4.987.281	83,0	85,3
Resto de CC.AA. (3)	19.691.162	20.184.813	13.313.713	13.869.919	-6.377.449	-6.314.894	67,6	68,7
Resto do mundo	13.165.879	13.832.655	13.957.779	15.160.269	791.901	1.327.613	106,0	109,6
Áreas xeográficas								
Europa								
Zona Euro	6.501.796	6.144.821	9.834.011	10.568.050	3.332.215	4.423.230	151,3	172,0
UE-15	7.458.988	7.212.976	10.217.299	10.964.491	2.758.311	3.751.515	137,0	152,0
UE-27	7.861.573	7.519.271	10.776.487	11.629.349	2.914.914	4.110.078	137,1	154,7
Países candidatos á UE	232.595	318.972	210.182	367.696	-22.412	48.724	90,4	115,3
OCDE	8.966.307	9.207.694	11.916.102	12.577.966	2.949.795	3.370.272	132,9	136,6
OPEP	880.253	1.353.908	376.036	421.835	-504.218	-932.073	42,7	31,2
Mercosur	263.311	324.987	131.506	306.715	-131.805	-18.273	49,9	94,4
EEUU	200.694	394.361	568.272	372.299	367.578	-22.062	283,2	94,4
América Latina	967.304	1.432.513	471.252	685.861	-496.052	-746.652	48,7	47,9

(1) datos 2010 son provisionais

(2) valor total de exportacións e importacións de bens e servizos, recollidas en IGE, Contabilidade Trimestral; datos de avance, corrixidos de efectos estacionais e de calendario (31-05-2011)

(3) diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países

Fuente: IGE

3.3.1.

ascenderon a 34.017,5 millóns de euros. No ano 2010, a taxa de cobertura mantense por riba do 85%, en tanto que o grado de apertura da economía galega, (calculado tendo en conta as importación e exportacións totais de bens e servizos), increméntase ata o 109% (105,5% no ano anterior).

O principal mercado dos produtos galegos o constitúe o resto das comunidades autónomas españolas, ao acoller o 59,3% das importacións e o 47,8% das exportacións de Galicia. Tal como aconteceu no 2009, continúa no ano 2010 a diminución do déficit comercial co resto das CC.AA., que se situou nos -6.315 millóns de euros, tras un incremento tanto das importacións como das exportacións galegas, aínda que maior neste último caso (2,5% e 4,2% respectivamente).

Comercio exterior con terceiros países

No que ao comercio exterior con terceiros países se refire, Galicia incrementa en 2010 o saldo positivo da súa balanza comercial nun 67,6%, explicable polo maior incremento das exportacións fronte ás importacións (8,6% e 5,1% respectivamente).

Ao igual que en anos anteriores, máis das tres cuartas partes das vendas galegas a terceiros países diríxense á Unión Europea e máis da metade das compras proveñen desta zona xeográfica. Asemade, mantense o elevado peso relativo dos dez primeiros capítulos de importación e exportación, que supoñen o 71% e 71,6% do valor total das mesmas respectivamente.

A actividade comercial con terceiros países en Galicia, como no conxunto do Estado, increméntase no ano 2010, neste senso cabe salientar o saldo positivo da balanza comercial de Galicia con terceiros países, fronte ao saldo negativo da balanza comercial galega co resto de CCAA do Estado español.

Rompendo a tendencia decrecente das exportacións e importacións tanto co exterior como con outras CCAA iniciada no ano 2008, tanto a economía galega como a española presentan un aumento das exportacións e das importacións, máis acusado no conxunto do Estado. Como reflicte a **cadro 3.3.2.**, as exportacións galegas cara ao exterior increméntanse un 8,6% (17,4% de media en España) e as importacións aumentan un 5,1%, máis de nove puntos menos que a media estatal.

Importacións e exportacións de Galicia e España 2009-10

	Importacións			Exportacións		
	2009	2010	10/09	2009	2010	10/09
	(en miles de €)		(%)	(en miles de €)		(%)
Galicia	13.165.878,5	13.832.655,2	5,1	13.957.779,3	15.160.268,5	8,6
A Coruña	5.709.295,2	6.941.449,6	21,6	5.519.176,9	6.028.275,4	9,2
Lugo	1.014.868,6	545.903,5	-46,2	507.565,9	490.358,8	-3,4
Ourense	406.507,5	577.487,2	42,1	513.173,3	549.705,8	7,1
Pontevedra	6.035.207,2	5.767.814,9	-4,4	7.417.863,2	8.091.928,5	9,1
España	208.436.797,0	238.081.616,0	14,2	158.254.275,0	185.799.015,0	17,4
Galicia/España (%)	6,3	5,8		8,8	8,2	

	Saldo comercial		
	2009	2010	10/09
	(en miles de €)		
Galicia	791.900,8	1.327.613,3	535.712,5
A Coruña	-190.118,3	-913.174,2	-723.055,9
Lugo	-507.302,7	-55.544,7	451.758,0
Ourense	106.665,8	-27.781,4	-134.447,2
Pontevedra	1.382.656,0	2.324.113,6	941.457,6
España	-50.182.522,0	-52.282.601,0	-2.100.079,0

Fonte: IGE e INE

■ 3.3.2.

No último ano mantívose o superávit da balanza comercial galega co exterior, que se sitúa en 1.327,6 millóns de euros, cando en 2009 presentaba un saldo positivo de 791,9 millóns de euros. A nivel provincial, o único saldo comercial positivo é o da provincia de Pontevedra, que, con máis de 2.300 millóns de euros de saldo positivo, compensa o saldo negativo das balanzas comerciais das tres restantes provincias galegas; neste senso, tamén cabe salientar o feito de que, a diferenza do acontecido en anos anteriores, o saldo da balanza comercial da provincia de Ourense, neste ano 2010, tórnase negativo, a consecuencia do incremento de máis do 42% das importacións na provincia.

- **Importacións do exterior**

O valor total das compras galegas ascendeu no último ano a 13.832,6 millóns de euros (666,8 millóns máis que en 2009), o que representa o 5,8% das importacións españolas. Este incremento ven como consecuencia do maior valor das importacións nas provincias de A Coruña (21,6% máis, 1.232 millóns de euros máis, a causa principalmente do incremento no prezo do petró-

leo) e Ourense (42,1% máis, 171 millóns de euros en termos absolutos), en tanto que as compras procedentes doutros países diminúen nas provincias de Lugo (46,2% menos, 469 millóns de euros menos) e de Pontevedra (4,4% menos, 267 millóns menos). A provincia de A Coruña, tras o descenso das importacións en Pontevedra, sitúase como a máis importante no que ao seu valor se refire, acollendo ao 50,2% das mesmas (Pontevedra abrangue o 41,2%).

Mentres que o valor das compras exteriores do sector do automóbil, dos bens de equipamento e dos bens de consumo duradeiro, diminuíron un 17,3% 5,6% e 10,5% respectivamente, o resto dos sectores considerados experimentaron un incremento do importe das compras realizadas no exterior.

Destacan polo seu peso relativo os produtos enerxéticos, cun incremento dun 35,8%. Un dos aumentos máis acusados rexístrase nos alimentos (22,1%) e as materias primas (20,6%), con pesos relativos do 16,1% e do 3,8% do total das importacións respectivamente.

En canto ao peso relativo no valor total das importacións españolas, destaca a importancia do sector do automóbil que representa o 9,4% das importacións españolas deste sector, seguido polas actividades englobadas dentro dos subsectores dos produtos alimentarios e as manufacturas de consumo, que supoñen o 8,9% e 7,4% das compras españolas respectivamente.

Se a análise descende ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.4.**, os dous primeiros capítulos importadores acollen o 44,3% do valor das importacións galegas. Neste ano os dous primeiros capítulos importadores volven a intercambiar os seus postos con respecto ao ano 2009. O capítulo 27 (“Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras minerais”) que tras unha medra do 35,8%, representa o 22,7% das importacións, sitúase como o primeiro capítulo importador, por diante do relativo ao de “Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87), que, tras descender un 16,5%, supón o 16,6% do valor total das compras.

As importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea. Segundo os datos do **cadro 3.3.1.**, o 54,3% do valor total das compras procede da UE-27 (7.519,3 millóns de euros), fora da UE, a nivel individual, cabe salientar as compras realizadas dende Galicia a China e Marrocos, que supoñen respectivamente o 4,2% e o 3,1% das importacións totais a terceiros países desde Galicia. O principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría do Grupo PSA (Peugeot-Citroën) en Vigo, é Francia, con 2.539,3 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.715 millóns.

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da Zona Euro segundo capítulos, as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 2.139,7 millóns de euros, o que representa o 34,8% das importacións procedentes desa área económica e un 93,4% do valor total das correspondentes ao devandito capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ao capítulo 3 (“Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos”), cun importe de 245,4 millóns de euros, representando o 4% do total das importacións

galegas que veñen dos países da Zona Euro e o 20,1% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

No caso de Francia, os dous capítulos máis importantes en termos absolutos son os mesmos que os citados como máis importantes dentro da Zona Euro, o 87 (“Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios”) e o 3 (“Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos”), que representan o 71,1% das compras nese país. No caso de Portugal, os capítulos máis importantes son o 61 (“prendas e complementos de vestir de punto”), o 87 (“Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios”), e o capítulo 3 (“Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos”), por esa orde, que representan o 28% do total.

• Exportacións ao exterior

No ano 2010 as vendas ao exterior incrementáronse, rompendo a tendencia de anos anteriores, e seguindo a mesma liña que no conxunto do Estado. Tras un incremento do 8,6 (15% de descenso no 2009, en relación ao ano anterior), o importe total das exportacións a terceiros países acadou no último ano os 15.160,3 millóns de euros, o que representa o 8,2% das exportacións españolas, igual ao ano anterior.

Agás a provincia de Lugo, as tres provincias galegas restantes incrementan o valor das súas exportacións. Cun incremento do 9,1% (674 millóns máis) das exportacións pontevedresas respecto ao ano 2009, Pontevedra segue a ser a provincia co maior volume de exportacións, concentrando o 53,4% das exportacións galegas. Séguelle en importancia A Coruña, que despois dun incremento do 9,2% (509 millóns de euros máis), acada o 40% das exportacións de Galicia.

Atendendo á desagregación sectorial, o **cadro 3.3.3.** reflicte que, a diferenza do acontecido no ano anterior, prodúcese un incremento no valor das exportacións de todos os sectores de actividade considerados, agás no sector do automóbil, onde as exportacións reducen o

Importacións e exportacións 2010: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	10/09	peso relativo	Galicia/España	Importe	10/09	peso relativo	Galicia/España
	(en miles de €)		(%)		(en miles de €)		(%)	
Total	13.823.973,8	5,0	100,0	5,8	15.158.980,5	8,6	100,0	8,2
Enerxéticos	3.140.221,5	35,8	22,7	7,1	805.744,4	91,8	5,3	8,5
Alimentos	2.219.826,5	22,1	16,1	8,9	1.912.993,5	14,8	12,6	6,8
Materias primas	522.107,2	20,6	3,8	5,8	590.481,3	19,8	3,9	13,4
Semimanufacturas	2.337.129,2	5,9	16,9	4,4	1.673.113,8	9,6	11,0	3,3
Bens de equipamento	1.043.102,5	-35,6	7,5	2,2	2.601.192,6	35,3	17,2	7,0
Sector Automóvil	2.280.056,6	-17,3	16,5	9,4	3.850.771,1	-10,5	25,4	12,9
Bens de consumo duradeiro	183.508,2	-10,5	1,3	2,3	89.910,0	4,2	0,6	2,5
Manufacturas de consumo	1.913.957,9	6,5	13,8	7,4	3.247.441,5	3,7	21,4	20,3
Outras mercancias	184.064,2	1243,0	1,3	15,5	387.332,2	-4,9	2,6	6,2

Fonte: Secretaría de Estado de Comercio

3.3.3.

seu valor nun 10,5%. Compre destacar o incremento superiora ao 90% no valor das exportación dos produtos enerxéticos.

O subsector dos materiais de transporte, (clasificación Taric 86-89), cun incremento das súas vendas cara ao exterior do 5% (250 millóns de euros máis), representa o 40% das exportacións galegas. Asemade, hai que mencionar o comportamento das actividades de materias textís e as súas manufacturas (Taric 50-63), que, tras unha medra do 3,3%, representan o 18,3% do valor total das exportacións galegas.

O capítulo máis importante en canto ao importe das exportacións é o de “Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (Taric 87), que concentra o 32,6% das exportacións galegas. A continuación estarían os capítulos correspondentes a “Prendas e complementos de vestir, agás os de punto” (Taric 62), que representa o 10,3% das vendas, e a “Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos” (Taric 3), co 6,5% do valor total das exportacións.

A Zona Euro concentra o 70% do valor total das exportacións galegas ao exterior (10.568 millóns de euros),

sendo Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, o principal destino das vendas de Galicia, con 4.888 millóns de euros (32,2%). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.497 (16,5%) millóns de euros. A distancia están Italia (7,9%), Alemaña (3,5%) e Reino Unido (3,3%).

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da Unión Europea, **cadro 3.3.5.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 4.049 millóns de euros, o que representa o 38,3% das exportacións á Zona Euro. O segundo capítulo exportador, cun incremento do 3,7% no ano 2010 fronte ao 2009, é o capítulo 62 (prendas e complementos de vestir, agás os de punto), cun importe de 998 millóns de euros, representa o 9,4% do total das vendas a eses países.

As exportacións a Francia concéntranse no capítulo 87, que acolle o 77,7% das vendas a ese país e que representan o 93,8% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo. No caso portugués o principal capítulo é o 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) seguido polo 62 (prendas e complementos de vestir agás os de punto) ao acoller o 11,5% e o 8,4% das vendas galegas a Portugal, respectivamente.

Importacións 2010: distribución segundo principais capítulos TARIC e destiño

Nº	Cap.	Denominación	Importe (en miles de €)	cap. / total (%)	Países da zona Euro (en miles de €)	Francia (en miles de €)	Portugal (en miles de €)
1	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	3.140.221,5	22,7	237.580,9	31.200,4	24.614,9
2	87	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	2.290.323,7	16,6	2.139.733,8	1.752.111,4	157.227,3
3	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.220.329,8	8,8	245.378,2	53.742,5	133.336,7
4	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	901.208,1	6,5	136.936,4	2.486,5	113.511,8
5	30	Productos farmacéuticos	542.236,3	3,9	136.070,9	31.032,3	154,6
6	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	427.868,2	3,1	215.007,8	2.186,2	190.057,7
7	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	404.301,4	2,9	166.663,0	14.607,0	11.604,4
8	84	Máquinas e aparatos mecánicos	393.267,0	2,8	235.532,6	19.220,6	20.331,2
9	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	281.654,9	2,0	9.276,6	1.294,8	4.008,8
10	39	Materias plásticas e manufacturas destas materias	220.927,0	1,6	181.520,7	41.391,2	52.645,4
Total dos principais capítulos			9.822.337,9	71,0	3.703.700,9	1.949.272,9	707.492,8
Resto			4.010.317,3	29,0	2.441.119,6	590.004,4	1.007.523,5
Total			13.832.655,2	100	6.144.820,5	2.539.277,3	1.715.016,3

Fonte: IGE

■ 3.3.4.

Exportacións 2010: distribución segundo principais capítulos TARIC e procedencia

Nº	Cap.	Denominación	Importe (en miles de €)	cap. / total (%)	Países da zona Euro (en miles de €)	Francia (en miles de €)	Portugal (en miles de €)
1	87	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	4.940.843,1	32,6	4.048.826,2	3.797.180,8	123.716,4
2	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	1.566.889,0	10,3	997.817,5	228.461,3	209.397,8
3	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	985.604,2	6,5	714.013,7	57.222,2	287.424,7
4	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	916.827,9	6,0	628.948,6	119.052,4	125.901,9
5	27	Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	805.754,2	5,3	412.758,7	35.562,4	160.990,3
6	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	542.460,5	3,6	196.420,0	91.570,2	25.885,7
7	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	383.554,4	2,5	330.633,6	112.155,9	67.584,2
8	72	Fundición, ferro e aceiro	367.914,5	2,4	198.228,8	15.833,1	144.777,9
9	84	Máquinas e aparatos mecánicos	282.195,6	1,9	119.617,0	11.510,4	46.821,8
10	30	Produtos farmacéuticos	57.329,0	0,4	37.822,1	2.473,0	32.466,8
Total dos principais capítulos			10.849.372,4	71,6	7.685.086,2	4.471.021,7	1.224.967,5
Resto			4.310.896,1	28,4	2.882.963,8	417.266,7	1.271.844,2
Total			15.160.268,5	100	10.568.050,0	4.888.288,4	2.496.811,7

Fonte: IGE

■ 3.3.5.

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2009-10

	2009			2010			10/09
	Total (en millóns de €)	(%)	UE - 27	Total (en millóns de €)	(%)	UE - 27	(%)
Andalucía	322,5	1,9	266,9	1.146,9	4,9	1.037,7	255,7
Aragón	544,8	3,3	122,2	47,5	0,2	47,0	-91,3
Asturias	6,3	0,0	2,1	10,6	0,0	2,0	66,4
Baleares	413,7	2,5	328,6	150,6	0,6	66,4	-63,6
Canarias	78,9	0,5	49,8	859,2	3,7	106,8	988,4
Cantabria	12,1	0,1	8,0	2,9	0,0	2,4	-75,8
Castela e León	71,8	0,4	16,0	12,9	0,1	8,7	-82,0
Castela-A Mancha	178,3	1,1	178,2	55,4	0,2	52,2	-68,9
Cataluña	1.874,1	11,3	1.227,1	4.519,7	19,3	3.959,3	141,2
C. Valenciana	553,1	3,3	319,0	153,8	0,7	88,9	-72,2
Extremadura	28,6	0,2	24,3	30,4	0,1	30,1	6,1
Galicia	159,3	1,0	150,1	47,3	0,2	35,9	-70,3
Madrid	10.243,7	61,9	5.579,9	8.961,4	38,3	6.256,8	-12,5
Murcia	11,7	0,1	7,0	20,5	0,1	0,8	75,6
Navarra	27,8	0,2	21,2	109,4	0,5	90,4	293,4
País Vasco	760,3	4,6	75,4	252,2	1,1	123,0	-66,8
A Ríoxa	3,6	0,0	3,3	36,4	0,2	36,4	911,4
Ceuta-Melilla	0,7	0,0	0,6	0,0	0,0	0,0	-100,0
Sen asignar	1.252,5	7,6	751,4	6.998,3	29,9	6.396,1	458,8
Total	16.543,8	100,0	9.131,1	23.415,4	100,0	18.340,6	41,5

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ 3.3.6.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos de investimento exterior están recollidos no Rexistro de Inversións Exteriores (RIE), a partir dos que a Secretaría de Estado de Comercio Exterior, presenta unha explotación estatística que para os investimentos estranxeiros nas Comunidades Autónomas só ofrece datos de investimento bruto, de forma que a análise do investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia, baséase en datos de investimento bruto, entendendo por investimento estranxeiro bruto en Galicia o que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

- Participacións en sociedades galegas non cotizadas.
- Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
- Constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas,

agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.

No caso do investimento galego no exterior, recóllense as operacións de residentes que supoñan:

- Participación en sociedades non cotizadas domiciliadas no exterior.
- Participación en sociedades cotizadas domiciliadas no exterior (superior ao 10% do capital).
- Constitución ou ampliación de dotación de sucursais
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados no exterior (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 1.502.530,26.

Tendo en conta as limitacións estatísticas sinaladas, no ano 2010, seguindo a tendencia do ano anterior, presentouse un forte descenso tanto do volume de investimento estranxeiro en Galicia como do galego no exterior, sendo esta caída de máis do 70% no caso do investimento estranxeiro bruto en Galicia.

Investimento bruto estranxeiro en Galicia 2008-10: distribución segundo país de orixe

	2008	2009	2010
	(en miles de €)		
Alemaña	308,35	2.003,14	-
Andorra	46,00	818,00	216,96
Angola	132,77		
Arxentina	123,77	308,20	889,70
Australia	-	1,60	-
Austria	2,56	-	-
Bélxica	-	0,06	1,91
Brasil	30,00	394,25	224,65
Canadá	-	-	3,01
Chile	-	1.349,12	-
China	6,51	-	554,52
Colombia	0,90	-	-
Dinamarca	5,50	-	-
Ecuador	1,00	-	-
E.A.U.	-	254,95	
USA	3.444,87	43,19	45,38
Estonia	-	-	346,50
Francia	9.073,65	440,91	-
Honduras	-	50,40	-
Hungría	0,76	-	-
India	2,98	-	-
Irán	3,04	-	-
Italia	351,00	140.467,79	814,90
Luxemburgo	1.344,24	-	-
Mexico	3.547,52	2.487,22	3.247,13
Mónaco	-	-	7,50
Namibia	-	1,50	-
Noruega	433,50	444,70	96,00
Nova Zelandia	1,13	-	-
Países Baixos	-	2.560,29	4,00
Panamá	183,33	953,95	886,77
Polonia	-	-	2,00
Portugal	3.826,64	4.574,70	26.761,50
Reino Unido	60,00	91,26	8.002,00
Rusia	3,00	-	346,50
Siría	1,55	-	-
Sudáfrica	576,92	5,00	-
Suecia	1.312,50	-	-
Suíza	1.330,97	1.418,34	2.738,49
Ucrania	-	0,60	-
Uruguai	-	5,90	240,92
Venezuela	369,51	590,14	1.911,98

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

3.3.7.

Os datos do *Registro de inversiones españolas en el exterior* reflicten que o investimento bruto estranxeiro en Galicia ao longo do último ano sufriu unha forte contracción, acadando un total de 47,3 millóns de euros, moi por debaixo da cifra acadada no ano anterior (159,3 millóns de euros), pero por encima da rexistrada no ano 2008 (26,5 millóns). Este investimento supón o 0,2% do investimento estranxeiro bruto en España, que se

concentra basicamente en Madrid (acolle o 38,3% do mesmo) e Cataluña (cun 19,3%) (**cadro 3.3.6.**).

A UE-27 é a responsable do 76% do **investimento bruto estranxeiro en Galicia** no último ano (35,9 millóns de euros), porcentaxe inferior á do conxunto do Estado, que acada o 78,3%. O forte descenso xa sinalado do investimento bruto estranxeiro en Galicia de máis

Investimento estranxeiro bruto ⁽¹⁾ en Galicia e España 2010: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en millóns de €)	(% / total)	(en millóns de €)	(% / total)	(%)
Total subsectores	47,2	99,7	7.006,6	29,9	0,7
Servizos financeiros, excepto seguros e fondos pen.	26,00	54,9	760,82	3,2	3,4
Metalurxia; fabricación produtos ferro, aceiro	8,55	18,1	766,06	3,3	1,1
Programación, consultoría, outras actividades relac.	2,99	6,3	124,51	0,5	2,4
Construción de edificios	2,63	5,6	450,69	1,9	0,6
Actividades inmobiliarias	2,13	4,5	2.031,38	8,7	0,1
Comercio maior e interme. comercio, agás vehículos motor	1,64	3,5	779,28	3,3	0,2
Servizo de aloxamento	0,86	1,8	62,04	0,3	1,4
Edición	0,78	1,6	19,76	0,1	3,9
Actividades xurídicas e contabilidade	0,60	1,3	4,63	0,0	13,0
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	0,52	1,1	5,28	0,0	9,8
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	0,22	0,5	1.866,74	8,0	0,0
Fabricación de mobles	0,10	0,2	9,99	0,0	1,0
Pesca e acuicultura	0,10	0,2	31,12	0,1	0,3
Fabricación de material e equipo eléctrico	0,08	0,2	94,33	0,4	0,1
Outros	0,1	0,3	16.408,7	70,1	0,0
Total	47,3	100,0	23.415,4	100,0	0,2

(1) investimento en empresas españolas únicamente

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ 3.3.8.

Investimento bruto das CCAA no exterior 2009-2010

	2009			2010			10/09
	Total	UE-27		Total	UE-27		
	(en miles de €)	(%)		(%)	(%)	(%)	
Andalucía	329.327,9	1,9	36.853,8	652.751,9	2,5	594.543,3	98,2
Aragón	46.158,5	0,3	45.356,9	148.314,0	0,6	146.828,5	221,3
Asturias	540.992,8	3,1	170,4	137.734,9	0,5	0,0	-74,5
Baleares	36.102,9	0,2	4.328,0	13.611,9	0,1	7.111,1	-62,3
Canarias	45.282,4	0,3	14.472,6	2.906,1	0,0	0,8	-93,6
Cantabria	4.572.903,4	26,0	1.446.343,5	1.460.933,2	5,7	206.646,5	-68,1
Castela e León	194.147,5	1,1	151.083,8	78.480,8	0,3	39.524,0	-59,6
Castela-A Mancha	23.794,2	0,1	6.097,0	1.424,3	0,0	1.049,0	-94,0
Cataluña	2.174.782,4	12,4	1.412.810,7	1.263.937,5	4,9	325.684,7	-41,9
C. Valenciana	1.594.053,1	9,1	1.371.953,2	1.012.487,7	3,9	921.847,6	-36,5
Extremadura	871,0	0,0	558,0	2.852,4	0,0	2.371,6	227,5
Galicia	573.317,5	3,3	279.906,7	555.948,5	2,2	372.773,0	-3,0
Madrid	6.051.292,1	34,4	2.343.957,4	18.544.195,0	71,9	14.628.002,2	206,5
Murcia	1.525,0	0,0	100,0	2.677,2	0,0	0,0	75,6
Navarra	34.156,3	0,2	8.875,0	5.316,6	0,0	3.062,2	-84,4
País Vasco	1.376.692,2	7,8	172.933,0	1.911.257,4	7,4	121.657,5	38,8
A Ríoxa	154,8	0,0	118,9	4,8	0,0	0,0	-96,9
Total	17.595.553,8	100,0	7.295.918,9	25.794.834,0	100,0	17.371.101,8	46,6

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ 3.3.9.

Investimento bruto de Galicia no exterior 2008-10: distribución segundo país de destino

	2008	2009	2010
	(en miles de €)		
Alemaña	9.999,60	1.500,00	38.796,89
Arxentina	37.953,46	18.230,99	1.103,70
Austria	935,00	-	2.000,00
Bélxica	2.493,00	7.983,81	-
Brasil	52.589,70	1.648,98	14.620,47
Bulgaria	46,09	-	10.211,37
Canadá	1.599,41	-	-
Chile	319,31	11.703,36	2.059,59
China	10.459,17	12.923,80	8.178,62
Colombia	626,06	1.377,30	310,10
Corea do Sur	20.688,20	20.975,67	10.810,00
Croacia	6.033,86	1.015,28	1.700,02
Dinamarca	6.704,00	-	-
Ecuador	43.851,36	-	-
O Salvador	203,03	-	-
E.A.U.	3.029,25	-	-
USA	201.076,09	81.182,34	83.050,85
Filipinas	-	361,62	-
Francia	66.600,01	114.839,77	106.970,79
Grecia	4.001,50	63.994,61	8.301,11
Guatemala	7.308,66	10.035,36	-
Honduras	5.000,00	-	-
HongKong	0,40	-	0,07
Hungría	8.885,81	3.003,81	2.007,44
India	-	4.733,64	10,90
Irlanda	3.000,00	2.000,00	9.000,00
Illas Caimán	4.183,29	-	-
Israel	57,00	-	-
Italia	99.814,85	19.920,00	100.810,00
Xapón	29.924,13	-	10.690,20
Luxemburgo	1.829,47	-	-
Macao	-	2.900,00	0,30
Malta	90.001,50	-	29.000,00
Marruecos	10.473,97	825,00	9,09
Mexico	26.288,02	33.034,50	-
Namibia	18.489,76	4.355,00	30.604,13
Noruega	3.723,35	4.677,73	-
Países Baixos	95.665,83	19.352,47	19.881,93
Panamá	9.694,54	105,90	19.490,85
Perú	6.948,51	1.000,00	536,58
Polonia	41.570,63	3.047,56	3.456,03
Portugal	46.165,57	29.972,16	16.041,34
Reino Unido	101.164,38	5.157,30	2.047,12
República Checa	11.194,14	-	-
República de Cabo Verde	-	335,56	-
República Eslovaca	992,72	-	-
Rumanía	3.798,16	3.046,77	22.190,34
Rusia	-	59.205,70	-
Sudáfrica	3.518,94	919,44	-
Suecia	-	6.088,46	2.058,62
Suiza	-	340,00	-
Túnez	-	-	-
Turquía	268.830,90	10.040,00	-
Ucrania	2.000,00	10.970,00	-
Venezuela	-	513,65	-

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

do 70% en relación ao ano anterior, está causado pola distorsión nos datos do ano 2009 que supuxo o investimento de máis de 140 millóns de euros por parte dunha multinacional de servizos italiana. As empresas de Portugal foron as principais investidoras en Galicia, con 26,7 millóns de euros, o que implica que o 56,5% do total do investimento bruto estranxeiro en Galicia ten a súa orixe no país veciño. Fóra da UE, o principal investidor na comunidade galega foi México, cun volume de investimento de 3,3 millóns de euros (**cadro 3.3.7.**).

O investimento estranxeiro bruto dirixiuse fundamentalmente ao subsector de “servizos financeiros, excepto seguros e fondos de pensións” con 26 millóns de euros; ao subsector “Metalurxia; fabricación produtos ferro, aceiro”, con 8,5 millóns de euros; ao subsector de “Programación, consultoría, outras actividades relacionadas” con 3 millóns de euros; ao subsector de “Construción de edificios”, con 2,6 millóns de euros; e ao subsector das “actividades inmobiliarias”, con 2,1 millóns de euros, subsectores que, conxuntamente, acollen o 89,3% do investimento estranxeiro bruto en Galicia no 2010.

Atendendo ao peso relativo no total estatal, salienta a importancia do investimento nas “actividades xurídicas e de contabilidade”, co 12,9% do total estatal, nos servizos financeiros, co 3,4%, e as actividades de “edición”, que acollen o 3,9% do investimento estranxeiro bruto en España (**cadro 3.3.8.**).

O **investimento bruto galego no exterior** descendeu no último ano un 5,6% respecto ao rexistrado no ano anterior para situarse nos 555,9 millóns de euros. Galicia pasa de ser a sexta Comunidade Autónoma que máis invistía no estranxeiro no ano 2009, a ser a sétima no ano 2010, sendo superada por Andalucía ademais de Cantabria, País Vasco, Cataluña, Comunidade Valenciana, e Madrid. Tendo en conta o forte incremento, en case un 47%, do investimento español no estranxeiro, **cadro 3.3.9.**, o peso relativo do investimento galego situouse no 2,2% (o 3,3% do investimento estatal en 2009).

O conxunto dos países da Unión Europea é o principal destino do investimento galego, co 67% do investimento total. Francia, Italia e Alemaña son os principais destinos e xuntos acollen case o 66% do investimento na UE. Fóra da Unión, salientan os investimentos en Estados Unidos, co 14,9%, Namibia, co 5,5%, e Malta co 5,2% do total investido (**cadro 3.3.10.**).

As tres ramas de actividade máis importantes, en canto ao volume se refire, foron as relacionadas co comercio polo miúdo, agás de vehículos de motor, os servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións e a pesca e acuicultura, que concentran máis do 90% do investimento galego.

Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia da pesca e acuicultura que co 99,8% abrangue case que a totalidade do investimento realizado polas empresas españolas no estranxeiro no 2010 na citada actividade. Séguenlle o comercio polo miúdo, onde Galicia realiza o 93,1% das inversións españolas no estranxeiro nesta actividade (**cadro 3.3.11.**).

Plan de Fomento das Exportacións Galegas

O número total de actuacións do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga), dirixidas tanto ao eido da promoción como ao da información e formación en comercio exterior, así como o investimento realizado dentro do Plan Foexga 2010, incrementouse de xeito importante en relación ao enmarcado dentro do Plan dos anos anteriores. Nas 149 accións levadas a cabo no último ano (60 máis que no ano 2009, e 37 máis que no ano 2008), **cadro 3.3.12.**, investíronse un total de 3.753,8 miles de euros (36,1% máis que no 2009, e 16,4% máis que en 2008), dos que a Xunta aporta case que o 50% fronte as Cámaras de Comercio cun 31% e as empresas co 19,5%. Comparando co ano 2009, a Xunta aumenta os fondos un 34,7%, as Cámaras aumentan a súa participación nun 27% e as empresas nun 57,3%.

As actuacións diríxense fundamentalmente aos países europeos, que acollen o 55% das accións, fronte ao 13,9% dos países de América do Norte e Central e o

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2010: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)
Total	555.948,5	100,0	25.794.834,0	100,0	2,2
Comercio polo miúdo, agás de vehículos de motor	395.622,8	71,2	425.046,0	1,6	93,1
Servizos financeiros, agás seguros e fondos pen.	63.092,2	11,3	12.709.899,9	49,3	0,5
Pesca e acuicultura	42.149,5	7,6	42.249,5	0,2	99,8
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	25.654,8	4,6	1.438.375,0	5,6	1,8
Construcción de edificios	18.690,4	3,4	129.512,3	0,5	14,4
Servizos técnicos arquitectura e enxeñería	6.150,0	1,1	48.959,1	0,2	12,6
Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	1.506,8	0,3	174.288,9	0,7	0,9
Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	1.243,1	0,2	102.756,6	0,4	1,2
Actividades auxiliares a servizos financeiros	631,1	0,1	54.167,2	0,2	1,2
Industria da alimentación	530,0	0,1	111.305,1	0,4	0,5
Servizos de información	200,2	0,0	7.561,9	0,0	2,6
Actividades inmobiliarias	178,0	0,0	177.161,1	0,7	0,1
Agricultura, gandería, caza e serv. relacionados	150,0	0,0	4.350,0	0,0	3,4
Outros	149,7	0,0	10.369.201,6	40,2	0,0

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ 3.3.11.

Plan FOEXGA 2010: actuacións

	Accións	Aportacións			
		Total	Xunta	Cámaras	Empresas
				(en €)	
Total	149	3.753.849,40	1.856.788,34	1.165.809,64	731.251,42
Misións comerciais directas	49	1.710.425,64	795.498,23	423.240,05	491.687,36
Misións comerciais inversas	27	579.573,08	367.123,36	212.449,72	-
Misións exposicións e encontros empresariais	5	71.866,17	31.192,63	18.381,55	22.291,99
Participación en feiras	25	346.804,78	140.931,87	89.645,50	116.227,41
Visitas a feiras	13	194.352,42	46.653,88	46.653,88	101.044,66
Bolseiros no exterior	19	550.157,56	275.078,78	275.078,78	-
Outros	11	300.669,75	200.309,59	100.360,16	-

Fonte: Consellería de Economía e Industria

■ 3.3.12.

13,2% dos países de Asia. Do resto das accións “Foexga 2010”, o 12,6% vai aos países de América do Sur, aos países de África o 4,6% e a Australia e Nova Zelandia o 0,7% restante.

As accións máis importantes no que atinxe ao número de actuacións, investimento e empresas participantes, seguen sendo as correspondentes ás misións comerciais directas, ás misións comerciais inversas e ás feiras internacionais. En conxunto, estas tres accións acollen case

o 67,8% das accións totais realizadas e máis do 70% do investimento total.

Nas 49 misións comerciais directas realizadas en 2010, a meirande parte das mesmas de carácter plurisectorial, e outras de carácter especial dos sectores pesqueiro, curtidos, viño, construción, naval, alimentación e enerxías renovables, nas que participaron un total de 608 empresas, o investimento total ascendeu a 1.710,4 miles de euros, dos que a Xunta de Galicia aporta o 46,5% e as

Cámaras de Comercio e as empresas o resto a partes iguais.

Nas 27 misións comerciais inversas, dedicadas a artes gráficas, pesca, alimentación, construción, turismo, planta ornamental, termalismo, vitivinícola, conxelados, naval, gastronómico e confección, participaron 456 empresas, cun orzamento de 579,6 millóns de euros, dos que a Xunta de Galicia aportou o 63,3% e o 36,6% restante foi aportado polas Cámaras de Comercio de Galicia.

Outra partida importante, de 550,1 miles de euros, foi o investimento en 19 bolsas no exterior, participando a Xunta e as Cámaras de Comercio ao 50%. ■